



Xaneiro 2004

Periódico labrego de información
técnica e sindical

Prezo: 1'80 euros
Número de rexistro: 980635

T Á B O A

■ Opinión

O resume do ano no que naceu e fracasou unha nova PAC

A páxina de opinión deste Fouce dedícase integramente a lembrar os acontecementos máis importantes para a agricultura galega no 2003, amais dos feitos máis salientábeis no traballo do Sindicato Labrego Galego. Temas como a globalización da agricultura ou a reforma da Política Agraria Común ocupan o editorial. **Páx. 6**

■ Galiza

As mulleres do Sindicato Labrego toman a palabra

Os días 7 e 8 de novembro reuníanse en Montouto (Ames) unha trintena de mulleres vinculadas ao Sindicato Labrego Galego para intercambiar e compartir experiencias. Fouce rescata a súa palabra para os seus lectores e lectoras. **Páx. 7**

■ Suplemento especial

Congresos de vacún de leite e carne no mes de febreiro

O Sindicato Labrego Galego está ultimando os detalles para realizar, no mes de febreiro, senllos congresos de vacún de carne e leite. O primeiro celebrarase en Lugo o 14 de febreiro; e o segundo, terá lugar na localidade coruñesa de Arzúa o día 21 do mesmo mes. **Caderniño central**



**SINDICATO
LABREGO
GALEGO
COMISIÓNS
LABREGAS**

Rúa Touro nº 21, 2º
Santiago de Compostela
Tlf. 981 554147
Fax 981 572570
e-mail: fouceslg@terra.es

Nace a Dirección Transversal de Agroecoloxía para darlle un novo pulo ao sector

■ Afiliados e afiliadas do SLG, vinculados á agricultura e gandería ecolóxicas, elixiron ao novo órgano de xeito assembleario nun congreso en Monforte o pasado 14 de decembro.

■ Integran a directiva David Ásper, Milagros Carrera, Xosé Manuel Do-campo, Isabel López, Xosé Manuel Durán, Pilar Penín, María López e María do Rosario Sánchez. **Páx. 17**



Deixounos o señor Xulián, un dos piares da loita contra a cota empresarial

O pasado mes de decembro, o señor Xulián de Trasliste, o Xulián da cota empresarial como o coñecían moitos, deixábanos definitivamente. Con el foise un gran loitador que legou para a posteridade o seu exemplo de tenacidade e resistencia diante da irracionalidade do poder. O seu exemplo,

negándose a pagar a cota empresarial cando o Estado pretendía embargarlle as terras das que sacaba o sustento a súa familia, fixo que milleiros de labregos e labregas teimasen na súa desobediencia cara a un imposto a todas luces inxusto. A loita triunfaba en 1994 coa abolición da taxa. **Páxs. 2 a 5**

O 1 de xaneiro entrou en vigor o novo sistema de cotización á Seguridade Social Agraria

Dende o 1 de xaneiro, as persoas que se incorporen ao Réxime Especial Agrario da Seguridade Social (REASS) terán que cotizar polo novo sistema establecido polo Goberno Central, que implica unha suba do tipo de cotización progresiva, ate igualarse no 2018 coa do Réxime de Autónomos.

As persoas que con anterioridade estivesen afiliadas a este Réxime Agrario poden optar por permanecer no sistema actual ou incorporarse ao novo. Tódolos anos, antes do día 1 de outubro, as

persoas interesadas poden optar por cambiarse do sistema tradicional para o novo, producíndose efectos con data 1 de xaneiro do ano seguinte. Pero no ano 2004 o prazo para optar ao cambio remata o día 31 de xaneiro de 2004.

En calquera dos dous sistemas, pode optarse por cotizar con dereito a baixa ou sen el.

A diferenza fundamental das prestacións que dá un ou outro sistema ven dada pola base de cotización, que é a cantidade que se toma (...) **Continúa na páxina 16**

Abertos os prazos para pedir boa parte das axudas agrarias

Vén de abrirese o prazo para solicitar boa parte das axudas ás que poderán acceder labregos e labregas no 2004.

Así, xa se pode solicitar a prima única por cultivos herbáceos, leguminosas gran, declaración de superficies forraxeiras, vacas nutrices, extensificación, ovino cabrún e indemnización compensatoria. Ademais, publicáronse as destinadas a apicultura, ao sacrificio obrigatorio de animais, mellora e modernización das estruturas de produción agraria, e mellora técnica e desenvolvemento sostíbel dos procesos de produción. **Páxs. 18 e 19**

Deixounos o señor Xulián

O pasado mes de decembro finaba unha das figuras egrexias na loita labrega contra a cota empresarial

En decembro deixábanos Xulián Rodríguez, o señor Xulián da cota empresarial. Con el marchou un gran exemplo de enteireza diante da maquinaria represiva do Goberno. Coas terras embargadas, o poder na súa contra, e co úni-

co apoio das Comisións Labregas e da veciñanza, Xulián non deu o brazo a torcer. Fóise-nos hai un mes; pero antes marchou ese imposto maldito que provocou un dos movementos de desobediencia civil máis fortes da Galiza.



LOCAIS

SANTIAGO DE COMPOSTELA
Rúa Touro nº 21, 1º. Tlf. 981 588532
MELIDE - Praza do Convento nº2
ARZÚA - Rúa Padre Pardo nº24, 1º D
MUXÍA - Antiga autoescola Quintáns
CARBALLO
Rúa Río Sil nº 52, Baixo. 981 703169
MAZARICOS - Bar Jurjo
SANTA COMBA
Rúa Pontevedra, Tlf/Fax. 981 880909
ORDES
Rúa Parque Municipal nº 32, 1º
Tlf. 981 682908
PONTE CARREIRA - Bar O Taxista
BETANZOS
Praza da Constitución nº 4, 1º.
Tlf: 981 773377
SARRIA
Rúa Nova 60, entrechán. 939 274186
CURTIS
Av. do Xeneralísimo nº 64. 981 786654
MOECHE - Casa Luciano
AS PONTES - Rúa Balsa nº 28
O BARCO - Local AISS
Tel. 988 321511 / Fax: 988326823
CELANOVA - Rúa Areal nº6, baixo.
VERÍN
Travesía de Sousas nº 20, Galerías
Maga Tlf. 988 590438; Fax 988 590439
RIBADAVIA
CIG Casa Sindical. Tlf. 988477230
Fax. 988477230
XINZO
Casa Sindical Tlf. 988 462547
CASTROCALDELAS
Sala do Sotelo de Castro
MONTEDERAMO
Local da Cámara Agraria
LUGO
Miguel de Cervantes nº47, ent.
Tlf. 982 231154
MONFORTE
Local da CIG en AISS. Tlf. 982 403005
CHANTADA
Praza do Concello, baixos AISS
Tlf/Fax: 982 462103
ESCAIRÓN
Local da Cámara Agraria, 1º
RIBADEO
Av. de Galiza nº20, 3º. AISS
Tlf/Fax. 982 130615
LOURENZÁ
Av. da Mariña nº11, 1º. Tlf. 982 121376
VILALBA
Cidade de Viveiro nº1 ent. A.
Tlf.982 512431
A ESTRADA - Capitán Bernal nº10, 1º
Tlf/Fax 986 573232
AGOLADA - Bar Central
FORCAREI - Casa do Concello
MEIRA
Xeneralísimo 47-49. Edif. Miño
Entrechán E. Tlf/Fax: 982 331714
LALÍN
Arenal nº1, ent 3. Tlf. 986 782191
SILLEDA - Bar González
TEIXEIRO
Rúa Martínez Pardo nº13, 1º esq
PONTEAREAS
Rúa Darío Bugallal nº15, 1º
Martes a xoves, de 10.00 a 13.00
O ROSAL
Rúa Ramón Franco, Edif. Rosales.
Tlf. 986 625 394
O SALNÉS
Av. Bouza Matín nº 9, 1º. Barrantes,
Ribadumia. Tlf. 699 924 630

A cota empresarial era un imposto que tiñan que pagar os labregos e labregas, aos que se lles daba a consideración de empresarios. A pesares do absurdo desta cualificación que só tiña fins recadadoras, o Goberno de Madrid teimou en manter unha taxa que sabía que era inxusta.

As mobilizacións contra a cota empresarial, consistentes na negativa a pagala, xa comezaran nos anos setenta, acadando o seu punto álxido a finais desa década e comezos dos oitenta.

Foi precisamente en 1980, cando o Goberno da Unión de Centro Democrático (UCD) comezou a exercer unha presión brutal contra os labregos e labregas de Galiza para tentar atallar dunha vez por todas esta rebelión: Facenda bloqueaba contas bancarias e precintábanse os tractores.

Foi neste ano cando se levaron adiante as primeiras tentativas de embargo de terras aos labregos que se negaron a pagar. O 19 de setembro tería lugar unha poxa de terras embargadas en Páramo. Trescentos tractores impediron a súa celebración e, despois, realizaron unha marcha de protesta ata a Póboa de San Xulián.

A presión contra os labregos e labregas inmersos nesta loita faríase abafante en 1982. Foi neste ano cando o exemplo do señor Xulián marcaría un antes e un despois na loita labrega contra a cota empresarial.

En marzo, puxeron as súas terras á venda nunha poxa, pero mil persoas evitaron que se levase adiante o proceso. O 19 de maio tentábase



A loita contra a cota empresarial motivou multitude de mobilizacións, como esta tractorada en Lugo

de novo a poxa. Nesta ocasión, o Goberno tiña o todo mellor preparado. Medio milleiro de axentes antidisturbios protexían os accesos

e prohibían o paso aos autocares e vehículos que viñan cheos de labregos a apoiar a Xulián.

A pesares do forte des-

pregue policial, uns cincocentos labregos conseguiron asistir ao lugar da poxa, na que se negaron a participar. De novo, quedou deserta.

Unha victoria tras dúas décadas de desobediencia civil

A pesares de que toda esta loita mobilizou a milleiros de labregos e labregas na Galiza e houbo un inmenso traballo organizativo por parte das Comisións Labregas; a pesares de que moitas persoas sufriron directamente a represión nas súas carnes con agresións, detencións inxustificadas, tentativas de embargo, suspensión de asembleas ou multas; foi o exemplo do señor Xulián un dos piares fundamentais que sostivo todo ese espírito combativo que se saldou, no ano 1993 e tras case dúas décadas de desobediencia civil continuada, coa supresión definitiva da cota empresarial.

Non en van, foron Xulián e a súa familia quen estaban na corda frouxa, quen corrían o perigo de ficar sen o seu patrimonio por manterse firmes na súa negativa a pagar un

imposto inxusto, quen tiveron que aturar todo tipo de ameazas e chantaxes, quen podían pagar a cota para aforrarse problemas ou males maiores. Pero non o fixeron, e a súa afouteza deu azos dabondo para manter esta rebelión labrega os anos suficientes para saír victoriosa.

Así se lle recoñeceu o 8 de maio de 1993, cando o Sindicato Labrego organizou en Lánacara a Festa da Cota Rachada, un evento multitudinario no que se inaugurou un pequeno monumento en lembranza á firmeza do señor Xulián. Agora que nos deixou, as letras gravadas na pedra manterán para as xeracións vindeiras a testemuña da loita que ergueu a todo un pobo de labregos e labregas para plantarlle cara á inxustiza.

Xente que viviu en primeira persoa a loita contra a cota empresarial lémbra para Fouce

Rebeldes con causa

O pasado 22 de decembro, Fouce visitou o que foi o epicentro da loita contra a cota empresarial: a parroquia de Trasliste, en Láncara. Alí puidemos falar coa nora e o fillo do señor

Xulián, Áurea e Dalmiro; e con algunha xente que viviu en primeira persoa aqueles días de rebelión labrega, como Manuel Vázquez, Xosé Salgado ou Marcelino Neira, este último da veciña

parroquia de Toirán. Tamén aportaron a súa testemuña dous dos artífices na organización das mobilizacións: Emilio López Pérez e Xosé Ramón Cendán, das Comisións Labregas.

“Se hoxe temos que volver pasar por todo aquilo, non sei se daríamos resistido”

Unha foto do señor Xulián presidiu toda a conversa que mantivemos con Áurea Vázquez e Dalmiro Rodríguez. Eles non só viviron a loita contra a cota empresarial. Tamén a padeceron. Hoxe, son testemuñas excepcionais do que acontecía daquela, portas cara a dentro, na casa do señor Xulián.

A presión que se exerceu contra esta familia tivo moitas caras. “Aquí veu varias veces a Garda Civil para tentar convencernos de que debíamos pagar. Estabamos entre a espada e a parede”, confesa ela.

Daquela, tiñan a tódolos

poderes en contra: recadadores, políticos, forzas de seguridade. Mesmo, segundo nos contou Dalmiro “ata os bancos, pois á hora de depositar cartos ¡ para facer fronte á poxa das terras embargadas en caso de que se presentase algún comprador, ningunha entidade, agás o Banco Pastor, aceptou darnos o aval bancario”.

Abraia que con tantas forzas en contra a familia de Xulián permaneceu unida na decisión de non pagar a cota. Áurea di que tiñan “moito valor, pero tamén moito medo; estabamos coas dúas cousas. Sabiamos que tiñamos que



saír adiante. Ata os veciños estaban asustados do valor que tiñamos; iso si, cando había que saír en defensa do señor Xulián, a xente saía”. A pesar de todo “todos tiñamos a mesma idea de que non debíamos pagar esa cota. O gran medo que tiñamos era perder esas fin-

cas, que sería un problema para nós, que quedabamos para traballar a terra. O señor Xulián xa era maior. Pero en canto a pagar a cota, todos estabamos de acordo en non facelo”.

O medo é libre. Non en van, había moito en xogo. As fincas que o Estado lles

quería embargar “multiplicaban por moito os cartos que había que pagar de cota. Eran fincas boas e preto da casa, de moita importancia para a explotación”. Foi unha dura proba. Áurea confesa que “daquela eramos máis novos. Se hoxe temos que volver pasar por todo aquilo, non sei se daríamos resistido”.

Cando xa pasara o peor, nesta familia de Trasliste quedou o recordo de ter feito o que cumpría facer, e o recoñecemento dos demais cara a súa actitude. Lembrando ao seu sogro, Áurea recorda “que todo o mundo o admiraba. Anos despois, había veces que indo polo mundo adiante o recoñecían, e comentaban: aí vai o señor Xulián, o da cota empresarial”.

“Se non chega ser por Xulián, aínda seguen mallando en nós”

Na veciña parroquia de Toirán vive Marcelino Neira, outro convencido combatente contra a cota, que “era un imposto inxusto, pois nós non eramos empresarios. Eu empecei pagando 200 pesetas ao ano, e cando deixei de pagala xa pagaba 8.500. Se chegamos a seguir con aquela marcha que levaban, hoxe pagaría 100.000 pesetas ou máis”.

Marcelino tamén recoñece que chegaron a organizarse “gracias ao Sindicato Labrego, que traballou para chegar a facer a forza de non pagar”.

Marcelino ten un bo recordo do señor Xulián, do que non dubida en dicir que era “o máis forte de todos. Cando morreu, comentabamos que acababa de finar o home máis forte



da provincia de Lugo. Se non chega ser por Xulián, aínda seguen mallando en nós. Se o goberno chega a cobrar a cota do señor Xulián, seguen petando en nós toda a vida”.

Marcelino tamén lembra as poxas, e di que “cando foi a de Xulián, a pouco máis tócalles saltar pola ventá ao recadador. Como alí non a puideron facer, acordaron realizala en Carracedo. Debía haber uns trescentos gardas, e moitos vixiando os camiños para que non pasase a xente que viña”.

Outro episodio importante foi a toma da Deputación de Lugo. “Castiñeiras, o deputado provincial da AN-PG, quería entrevistarse co presidente para falar da cota empresarial, e todos nós apoiámolo. Pero o día antes non nos deixaron pasar e entramos pola forza, con varias detencións. Ao día seguinte fixemos unha manifestación, entramos na Deputación, e puxemos pancartas na fachada. Pedíamos a supresión da cota e a liberación de García Mel. Ao final, ceibárono”.

“Quixeron embargar os leiros, pero tomaron vento”

Xosé Salgado foi toda a vida veciño de Xulián. El, como tantos outros de Trasliste, tamén se negou a pagar a cota empresarial, que “era un imposto moi caro, daquela”.

Xosé afirma que “por aquí foi unha das zonas nas que se levantou máis rápido a xente”. Madría leva. Ademais do traballo das Comisións Labregas estaba o dos propios afiliados, que “falando coa xente, tentabamos convencerlos de que non pagasen”.

Xosé tamén lembra o rebumbio das poxas, na Póboa e en Carracedo. Neste último lugar “houbera unha manifestación, con Garda Civil e Policía. Separábanos unha pila de leña, e os labregos lla arrebolabamos ás forzas de seguridade. Houbera as do demo aquel día. Tentaron levar adiante a

poxa, pero non o conseguiron. Viñera xente de moitas zonas da provincia para apoiar”.

Para Xosé Salgado, a clave da resistencia do seu veciño Xulián estaba en que “el era medio tenaz para termar das cousas. E os veciños tamén o apoiámos moito. Se non o chegamos apoiar como fixemos, se cadra levaban adiante o embargo dos leiros que tiñan ao pé da casa. Pero tomaron vento”.



“A Garda Civil visitoume varias veces. Sabían que se eu dicía que pagasen, pagaban”

Manuel Vázquez foi outra testemuña de excepción na loita contra a cota empresarial. Nel xuntáronse as condicións de político -era segundo tenente de alcalde en Lánacara pola AN-PG-, de labrego, e de familiar do señor Xulián.

Para Vázquez, a magnitude acadada por esta insumisión acadouse gracias ao sindicato: “A reivindicación veu a través das Comisións Labregas; en todo momento estiveron presentes, e sen elas non tería sido nada”.

Manuel Vázquez, como político local no goberno, puido asistir ao miolo das poxas. “Eu conseguín saber as ordes que lle deron ao recadador, ao que lle recomendaron que se vía as cousas mal que suspendese a poxa. Sabendo isto, a

xente tomou a casa consistorial da Póboa de San Xulián para meterlle medo, e conseguíuse parala. En troques de suspendela, como quería o recadador, eu obriguei a aprazala ata nova convocatoria para evitar sorpresas.

Pola tarde tentaron celebrar de novo a poxa en medio dunhas grandes medidas de seguridade en Carracedo. Eu logrei entrar dentro como segundo tenente de alcalde. Aquelo foi de medo. Tivemos que acceder ao lugar a pé, pois non deixaban pasar vehículos. Había máis de corenta autocares da policía e tódolos camiños estaban controlados polas forzas de seguridade. Xente que se achegara dende toda Galiza veu andando dende a Pobra de San Xulián.



Intimidación policial e visitas da Benemérita

Ademais de afouteza, labregos e labregas tamén demostraron precaución, pois “había un aval bancario por se acaso, e levábanse cartos dunha colecta para

facer fronte á poxa en caso de que fose para adiante”. A pesar da intimidación policial “a xente mantívose firme. Cando nos mandaron pasar para adiante, dándonos permiso por fin para asistir á poxa, nos demos

uns pasos cara a atrás en sinal de desprezo”.

Vázquez confesa que como cuñado de Dalmiro e, polo tanto, familiar do señor Xulián “tamén tentaron convencerme para que falase con eles e os fíxese recapacitar para pagar. A Garda Civil visitoume varias veces. Sabían que se eu lles dicía que pagasen, pagaban”.

Para Manuel Vázquez “o señor Xulián, como veciño, era un home moi social; era o primeiro que se poñía a traballar cando había que facer un camiño ou un valado para a parroquia. El axudou moito a consolidar ao Sindicato Labrego Galego e a esta loita coa súa firmeza. O señor Xulián e tamén a xente que o apoiamos arredor, tanto a da parroquia como a do sindicato. Ata hai pouco, había aquí e nas parroquias de arredor máis afiliados ás Comisións Labregas que en toda a comarca de Sarria”.

Xosé Ramón Cendán, membro do SLG e da Executiva da Coordinadora Labrega Europea (CPE)

“A palabra, honradez e firmeza sindical de Xulián déronnos unha lección a todos”

Aínda que Xosé Ramón Cendán, hoxe membro da Executiva da Coordinadora Labrega Europea (CPE), viña apoiando dende vello a loita contra a cota empresarial, foi a partir de 1980 cando lle tocou implicarse a fondo na organización das mobilizacións.

■ **¿Cales pensan que foron os factores que posibilitaron que a loita contra a cota empresarial acadase a relevancia que tivo?**

Un deles foi o propio carácter colonial e inxusto do imposto, co cal cobrábanlles aos labregos por obreiros que non tiñan.

Outro factor importante foi o gran traballo que se fixo dende as Comisións Labregas en particular, e dende o nacionalismo en xeral. Ao ser a grande primeira loita agraria despois do franquismo, a xente implicouse a fondo porque tiña ganas de sacar algo en limpo.

■ **Daquela, as Comisións Labregas eran unha organización moza e con non demasiados recursos. ¿Como se explica o enorme traballo**



Xosé Ramón Cendán, á dereita, xunto a Milucho, dúas das figuras sobranceiras na loita contra a cota

desenvolvido?

Había moitísima ilusión e moita xente aportou os medios dos que dispoñía para apoiar. Tratábase de xente que deu moito en relación co que tiña. Por exemplo, xente que prestaba coches para ir a asembleas; cómpre pensar que algún día chegaron a haber sesenta

assembleas que precisaron doutros tantos vehículos.

Tamén había unha verdadeira demanda de que se movese algo, o que favoreceu que houbera unha participación moi superior á que podería haber hoxe en día. Finalmente, no agro, daquela, vivía moita xente. Un 35% da poboación activa

total da Galiza vivía da terra.

■ **¿Como exerceu o Estado a represión contra o sindicato, e os labregos e labregas?**

Na primeira época, que eu non vivín, empezaron prohibindo reunións. Despois xa chegou a represión total: multas, poxas de terras embargadas, criminalización de numerosos sindicalistas, car-

gas policiais desproporcionadas, detencións masivas, etcétera.

Outra das armas que actuou dende a sombra e que fixo moito dano foi a propia rede caciquil, que nos atacaba con todo tipo de inxurias e descualificacións.

■ **Dentro de tanto rebumbio, ¿que papel lle tocou xogar ao señor Xulián?**

O papel do señor Xulián foi clave. Primeiro, porque como medida de presión deixou de abonar a cota empresarial. Segundo, porque aguantou sen pagar todo o proceso de embargo. E terceiro, e máis difícil, porque seguiu firme sen pagar namentres poxaban as súas terras.

Polo tanto, pódese dicir que cumpriu aguantando tódalas presións e incluso poñendo en xogo as súas terras para que a loita saíse adiante, cousa que sabemos que moi pouca xente estaría disposta a facer. Para min, a súa palabra, a súa honradez e a súa firmeza sindical ata o final deunos unha lección a todos.

Emilio López Pérez, ex Secretario Xeral do Sindicato Labrego Galego

“A loita contra a cota empresarial foi o nacemento do Sindicato Labrego Galego”

Antes de ser deputado autonómico polo Bloque Nacionalista Galego, Emilio López Pérez, máis coñecido como Milucho, foi Secretario Xeral do Sindicato Labrego Galego, un cargo que

exerceu no punto álxido da loita contra a cota empresarial. Milucho converrou con Fouce sobre aquela época non só coas lembranzas dalguén que viviu dende o miolo o desenvolvemento

das mobilizacións, senón aportando, ademais, interesantes análises interpretativas dun proceso reivindicativo que supuxo “o nacemento do Sindicato Labrego Galego”.

■ **Coa perspectiva que dan dúas décadas, ¿que significou a loita contra a cota empresarial?**

A loita contra a cota empresarial significou algo máis que a simple oposición a un imposto. Foi o que serviu de espoleta a unha situación de submisión, de soportar o caciquismo que viña do franquismo. A cota serviu para rebelarse e comezar a ter algo de liberdade.

Despois, tamén era un momento en que o agro galego e a xente do medio rural tiñan moitísimo peso. Ademais, os labregos que tiñan máis prestixio nas parroquias eran, moitas veces, os que tiñan mellores propiedades e pagaban, polo tanto, unha taxa máis importante. Entón, cando os máis decididos, que se consideraban referentes na parroquia, tamén se opoñían, iso tamén facía que os seguisen.

Outra compoñente foi que moita da xente que comezamos a movernos daquela no nacionalismo, eramos xente nova de



Milucho ocupaba o cargo de Secretario Xeral das Comisións Labregas a comezos dos oitenta

procedencia agraria e moi identificada co mundo rural. Coido que isto tamén influíu.

■ **¿Como se explica a relevancia destas mobilizacións en toda Galiza?**

Por unha banda, xuntouse a efervescencia do nacionalismo que nace. Este nacionalismo era, politicamente, o

que cría que a aposta pola xente do agro merecía a pena, cando incluso os movementos máis de esquerda naquel intre pensaban que os labregos non eran unha clase con consciencia nin con capacidade. A pesar de todo, nós apostamos por eles.

Por outra banda, había unha palabra que se repetía

moito: unión, unidade. Daquela coido que soube-mos captar o que había de solidariedade e apoio no medio rural. Aquela foi unha rebelión que uniu á xente, en certo modo, contra un poder que viña de fóra. Tratábase dunha cota empresarial que impoñían discriminando a Galiza, cobrán-

donos polo que non eramos. A xente, ao fin e ao cabo, considerábase humilde e traballadora, e non se sentía nesa categoría de empresarios, que era máis ben para a xente rica. Creo que en toda esta loita xuntáronse elementos políticos, sociolóxicos, e mesmo antropolóxicos.

■ **Para realizar unhas mobilizacións como as que se fixeron, as Comisións Labregas tiveron que funcionar a toda máquina no eido organizativo.**

A nivel organizativo foi crear case todo; a loita contra a cota empresarial foi o nacemento do Sindicato Labrego Galego. As primeiras loitas que se deran, foron rebelións en defensa da terra moi espontáneas. Coa cota empresarial deuse outro paso, e comezáronse a abrir locais, a repartir carnés, a ter reunións e organismos. Ao principio era todo movemento. Mesmo algunhas parroquias tiñan o seu propio consello das Comisións Labregas, e reuníanse e facíanse actas.

■ **Diante dunha resposta social tan forte, ¿cal foi a contestación do Goberno?**

Eu teño unha análise particular sobre isto. Penso que o Goberno Central, o de Calvo Sotelo xurdido despois do 23 F, recibiu o encargo especial de esmagar politicamente o que significaban aquí as Comisións Labregas e o movemento contra as cotas. E penso que dentro desta idea estaba o plan de realizar algún embargo, producir algún escarmento; algo que xa se intentara de moitos xeitos: precintando tractores, mobles, etcétera.

Tentaron recrear a loita entre David e Goliath. Por unha banda, o Goberno Central, os gobernadores, recadadores, forzas de seguridade, e poder xudicial; e pola outra, un labrego ao que lle tiñan que dar un escarmento. Dende logo, eles nunca

“Se Xulián non fose adiante con tódalas consecuencias, non tería sido nada”

pensaron que se puidese dar o fenómeno que se deu en Trasliste; e nós tiñamos as nosas dúbidas.

■ **O certo é que era unha correlación de forzas bastante desigual.**

Era un problema de dignidade. Téñense dado casos de embargar reses. Pero agora ben, que che embarquen os bens, e por riba con ameazas e tentando meterche medo... A pesar de todo, Xulián tivo unha confianza total no sindicato dende o primeiro intre. E despois,

había grupos de xente en distintos municipios da provincia, como Friol ou Pallas de Rei, ou a zona da Montaña lucense, que estaban en constante movemento e arroupando o tema.

■ **Ademais dos apoios da xente e do sindicato, ¿foi importante a actitude individual do señor Xulián?**

O que máis me chamou a atención sempre foi que actuase así unha persoa desa idade, co que significaba poñer en xogo o máis valioso que tes, que é aquilo que che dá o sus-

tento. Foi algo único. Eu destacaría a confianza que chegou a ter el mesmo nas persoas que estabamos a organizar e dirixir esta loita, tendo en conta que eramos xente nova; tendo en conta que el estaba en mans da Xustiza, e que tódalas autoridades lle dicían que lle ían quitar as terras. E houbo tamén outro elemento fundamental, que é o que se ten máis preto: a parroquia. Iso penso que foi básico. Se non chega a haber todo o apoio que houbo ao redor non tería sido o mesmo. O señor Xulián tivo que pensar que, se alguén pretendía entrar á forza na súa propiedade, nin o Sindicato Labrego nin os veciños o permitirían. Agora ben, aínda que se desen todas estas circunstancias, se o señor Xulián non decidise ir para adiante con tódalas consecuencias, non tería sido nada. A súa decisión foi algo único.

editorial**Un 2003 agridoce**

Coa fin do 2003, deixounos un ano bastante intenso, tanto no eido social como agrícola. Un ano agridoce no que o Sindicato Labrego Galego acadou numerosos éxitos, pero no que tiivo que asistir como testemuña a acontecementos que, sen dúbida, quedarán rexistrados nas páxinas máis ominosas da historia -a guerra de Iraq-, ou ser protagonista activo noutros, como a reforma da Política Agraria Común (PAC), que volveron delatar en que bando xogan os nosos gobernantes.

Así, comezaba o 2003 co Foro Social Mundial de Porto Alegre. Dentro deste marco, celebrábase a primeira Asemblea Mundial Labrega, un evento que pon de manifesto que os problemas que sofren os labregos e labregas de todo o mundo son moi semellantes. Dende Asia ata América, dende Europa a África, a globalización está a definir a dous bandos que, agora mesmo, amósanse antagónicos: por un lado, os labregos e labregas que só queren vivir dignamente do traballo da terra; e polo outro, as grandes multinacionais e industrias que só pensan en obter os máximos beneficios forzando a redución dos prezos agrarios ata límites insostíbeis, e sen importarlles o peche masivo de explotacións e a ruína de millóns de familias en todo o planeta.

Na liña deste segundo bando, a Comisión Europea aprobaba o 22 de xaneiro os textos nos que se ía basear a reforma da PAC. Comezaba así unha carreira que tiña como meta o cumio que ía celebrar a Organización Mundial do Comercio (OMC) en Cancún no mes de setembro, onde se pretendían eliminar as fronteiras no comercio mundial de produtos agrarios. A nova reforma, que se aprobou no mes de xuño, ameazaba con empeorar máis os problemas labregos dando continuidade a políticas nefastas, como a baixada dos prezos agrarios para fornecer de materia prima barata á agroindustria. Mesmo, para disimular as subvencións ás exportacións de produtos agrarios que se venden a terceiros países por debaixo dos seus custos de produción, introducíase un despropósito como o desacoplamento, co cal, non faría falla sequera producir para poder cobrar.

Precisamente, a loita global para reivindicar unha agricultura alternativa feita para satisfacer os intereses da cidadanía e de labregos e labregas, viviu en setembro un dos seus grandes éxitos: o cumio da OMC fracasaba en Cancún pola negativa dos países pobres a aceptar que os ricos invadisén os seus mercados con produtos subvencionados que arruinarían a súa agricultura; e pola presión exerci-

da pola Vía Campesina, que puxo á agricultura e á soberanía alimentaria nun primeiro plano do debate internacional.

Con este fracaso, tamén caía a reforma da PAC, pois foi deseñada, precisamente, para tentar enganar a estes países coa argallada de dar axudas económicas desvinculadas da produción. Evidentemente, non coou. Polo de agora, no Estado Español non se aplicará ata o ano 2006. Para daquela, dende o SLG agardamos que lles veña o sentidinho aos nosos gobernantes. Alomenos, agora non terán a escusa de non coñecer un modelo agrario alternativo feito á medida de labregos e labregas, pois a Coordinadora Labrega Europea, a través do presidente do Consello Europeo de Agricultura, Giovanni Alemanno, encargouse de dárllelo a coñecer aos ministros dos Quince.

Coma sempre, foi o SLG a organización que encabezou na Galiza, sempre en solitario, a oposición e protestas contra a tentativa globalizar a agricultura para deixala en mans da industria. Fixémolo a través das organizacións internacionais ás que pertencemos, como a Vía Campesina ou a Coordinadora Labrega Europea; e fixémoslo botando man dos nosos propios recursos e esforzos: apoiando as protestas de Madrid contra a reforma da PAC; as manifestacións en Xenebra (Suíza) e organizando toda unha semana de actos en Compostela para denunciar as intencións da OMC; ou participando activamente non Foro Social Europeo, que se celebrou en novembro en París; por só citar tres dos principais foros nos que o noso País, gracias ao SLG, tivo voz propia.

A caída de prezos ergue a labregos e labregas

Aquí, na Galiza, esbouraba en xaneiro a loita da pataca da Limia, un produto que acusou fortemente a caída de prezos que, en maior ou menor medida, sufriron case tódolos sectores agropecuarios. O 14 de xaneiro, os tractores tomaban a cidade de Ourense; e o 5 de febreiro, despois de facer outro tanto en Compostela, unha marcha pacífica nos arrabaldos da Cidade das Burgas era abortada cunha actuación brutal da policía, que mallou en labregos e labregas e detivo de xeito inxustificado ao compañeiro Xosé Manuel Puga.

Os prezos non foron problema só para os produtores e produtoras de pataca. Coas industrias lácteas ameazando con baixar de novo un

prezo do leite dabondo minguido, de xeito unilateral e co visto bo da Xunta, o 25 de abril milleiros de produtores e produtoras do País manifestáronse en Compostela para expresar o seu rexeitamento ás imposicións das grandes empresas transformadoras.

Do 2003 ficarán sen dúbida na memoria as multitudinarias manifestacións que mobilizaron a millóns de persoas en todo o Estado para protestar pola pésima xestión do Goberno do PP diante da catástrofe do Prestige, e para oporse á intención do Executivo Español de participar na invasión de Iraq, xunto a Estados Unidos e o Reino Unido. O Sindicato Labrego Galego participou nestas mobilizacións, formando parte da Plataforma Nunca Máis e apoiando todo o posíbel a oposición contra o acto de barbarie que supoñía invadir un país para controlar o seu petróleo a costa da vida de milleiros de persoas inocentes. A pesar de todo, o PP seguiu teimando na súa posición inxustificábel.

Este xeito dictatorial e xordo de facer as cousas tamén se reflectiu na agricultura. Ademais da reforma da PAC, o PP sacou adiante a eliminación do Réxime Especial da Seguridade Social Agraria, unha Lei de Arrendamentos Rústicos pensada en beneficio dos grandes propietarios e especuladores da terra, e unha Lei do Viño que se esquece totalmente das particularidades do sector en Galiza.

En canto á Consellería de Política Agroalimentaria, Diz Guedes seguiu co piñón fixo no seu menosprezo aos labregos e labregas. Neste ano 2003 non existiu o diálogo; a Consellería fixo o que lle mandaron dende Madrid e só se moveu cando a revolta social lle obrigou a facelo. Os sindicatos, representantes lexítimos dos labregos e labregas da Galiza tralas eleccións a Cámaras Agrarias, só escoitaron do Conselleiro propostas pechadas, ou o que é o mesmo, imposicións, en tódolos temas que afectaron á agricultura e gandería galegas.

Un ano cheo de victorias para o SLG

A pesar da xordeira de boa parte dos políticos que nos gobernan, o 2003 tivo unha boa colleita de éxitos sindicais que volveron ter ao Sindicato Labrego Galego como protagonista, e que demostraron a súa eficacia para ser a voz dos labregos e labregas. Quizais, o logro máis soado foi que a Consellería de Política Territorial ac-

cedese a iniciar un proceso de regularización urbanística das cortes e demais instalacións agrarias da Galiza; ese éxito continuou coa ampliación do prazo ata o 30 de abril do 2004 para que ningunha explotación galega quede fóra do proceso.

As mobilizacións da pataca, organizadas tamén polo Sindicato Labrego, obtiveron froitos dende o primeiro intre. En marzo, a Deputación de Ourense accedía a dar 900.000 euros para compensar a renda das persoas afectadas; ese mesmo mes, Política Agroalimentaria aceptaba comezar a elaborar un plan que fixese fronte a esta problemática que se repetía ciclicamente. Dentro deste plan xa se comprometeron sete millóns de euros para o regadío.

A supresión da Seguridade Social Agraria trouxo unha de cal e outra de area. O lado positivo foi que se atendeu a unha reivindicación histórica da Secretaría da Muller do Sindicato Labrego Galego: as labregas con familiares no Réxime de Autónomos ou con cónxuxes que gañen máis ca elas poderán cotizar, por fin, á Seguridade Social Agraria.

Tamén neste ano a Xunta fixo públicas as primeiras axudas oficiais para paliar os danos da fauna salvaxe, outra reivindicación que o SLG viña facendo en solitario dende hai décadas. Polo de agora, as axudas non chegan a moito e só afectan aos ataques do lobo, pero seguimos a traballar para que se amplíen.

No mes de maio, o Sindicato Labrego asinaba un convenio de colaboración coa Organización Galega de Comunidades de Montes. Esta mesma organización conseguía, tras moito traballo, que a nova Lei de Montes do Estado recoñecese as particularidades do man común en Galiza.

En setembro, o SLG conseguía que un grupo de viticultores de Rías Baixas asinasen un acordo de prezos coas adegas.

Ano agridoce, dicíamos ao comezo, pero que nos anima a seguir traballando, pois ben queda demostrado que co traballo conséguense cousas. Así o demostrou hai máis de vinte anos o señor Xulián, de Lancara, coa súa oposición a pagar a cota empresarial a pesar de que o Estado o ameazaba con embargarlle as terras das que vivía. Xulián fóisenos no mes de decembro pero, moito antes ca el, fenecía ese imposto que ergueu unha das revoltas agrarias máis grandes que se lembran no noso País. Dende o SLG farémolle ao señor Xulián a mellor homenaxe que lle podemos facer: seguir loitando a prol dos labregos e labregas de Galiza.

Mulleres do Sindicato Labrego intercambian as súas experiencias

Unha trintena de labregas participaron nun Seminario para abordar en común problemas e inquedanzas

A Comezos do pasado mes de novembro, os días 7 e 8, unha trintena de mulleres do Sindicato Labrego Galego reuníronse en Montouto (Ames) para poñer en común as súas problemáticas e para compartir inquedanzas e vivencias. Temas como as sementes, os transxénicos, ou a experiencia vital de ser labregas, centraron o encontro. Fouce achega agora aos seus lectores e lectoras unha pequena escolma das impresións que salientaron estas mulleres e que, sen dúbida, animarán a moitas outras a participar en encontros vindeiros.

Lucía, de Touro:

"Estas charlas son unha terapia que me cargan as baterías. Eu teño as pilas como as do tractor e saio con elas a tope".

Carme, de Betanzos:

"Estas xuntanzas son importantes para min polo que me reforzan como muller, como labrega, e como traballadora dunha organización como o Sindicato Labrego."

María Xosé, de Irixoa:

"Aínda se pode conseguir comida san, con traballo e por moitos anos. A parte está o bo ambiente e o saír coas pilas cargadas".

Aurita, de Queixas (Cerceda):

"Impresionoume o tema dos transxénicos. Estou moi satisfeita por aproveitar o momento, coñecer a tanta xente. A noite entre nós tamén me agradou moito"

Loli, de Betanzos:

"A pesar de sermos de zonas diferentes, con traballos distintos, os obxectivos son os mesmos, e as inquedanzas as mesmas".

Ana, de Ordes:

"O que máis me gusta é ver a forza da muller do rural. Vexo estas reunións a miña nai elévanlle a moral e a autoestima, e a min válenme de moito. Por certo, as mazás caseiras están riquísimas".

María, da Fonsagrada:

"Gustoume a sinceridade, a espontaneidade coa que as cousas foron xurdindo, sobre todo nos grupos. Tamén me gustaron as explicacións de Carme, que non están feitas con tecnicismos incomprensíbeis, senón que se entenden moi ben"

Silvia, de Santiago:

"O que máis valoro destas reunións é que son moi cómodas e relaxadas. Non teño a sensación de que sexa unha reunión con tensións. Isto demostra que as mulleres somos doutra maneira".

Rocío, de Cuntis:

"Gustoume a posibilidade de poder falar dos nosos problemas como mulleres. As mulleres de Cuntis temos os mesmos problemas cás de outros lados. Gustáronme moito as dinámicas de grupo do primeiro día, e o traballo coa canción. Os contidos tamén estiveron moi ben".

Mariña, de Val do Dubra:

"Sentín non poder estar todo o tempo. Para min é moi bo ter a posibilidade de saír da casa e aprender todas estas cousas".

Carme, de Beán (Ordes):

"As sementes e os produtos transxénicos foi o que máis me impactou. Deixoume asombrada o risco que corremos".

María, de Ordes:

"O que máis me gustou foi a cantidade de produtos da casa que xuntamos, tan importantes. Eu, algúns case non os coñecía".

Marisol, de Frades (Ordes):

"Esta reunión achegoume moita paz: como expuxemos os nosos problemas, con dignidade, oíndonos unhas a outras... Todo o mundo ten cabida".

Pili, de Cuntis:

"Estou asombrada co problema dos transxénicos. Nunca mo explicaran así e entendino moi ben".

Dorita, de Muxía:

"O que máis me impresionou foi o tema dos transxénicos e o proceso que seguen os virus".

Marga, de Vilalba:

"O máis importante é o ánimo que dan como muller e traballadora as xuntanzas de mulleres".



Charo, de Betanzos:

"Impresionoume a sinceridade e naturalidade coa que falamos. Conversamos como se nos coñecésemos de toda a vida, e isto válenos moito a nivel persoal."

Vilma, de Mondoñedo:

"Estámonos enrolando nun labor moi importante. Estamos mimando o xermolo dunha revolución. Espero que o xermolo teña moito éxito".

Isabel, de Lourenzá:

"Temos unha morea de proxectos e de planos de futuro e isto é fundamental nuns tempos de tanto pesimismo. Queremos cambiar cousas e temos ánimo dabondo para facelo".

Tareixa, de Ordes:

"De todo o traballo, o que máis me gusta son as xuntanzas das mulleres. Todas tivemos o momento para dicir a nosa palabra e para escoitarnos".

A licencia de actividade, novo compromiso da COPTOPV

Gracias ás xestións do SLG, Núñez Feijoo podería iniciar o proceso en maio. O SLG participou na reunión da comisión de seguimento do proceso de regularización das instalacións agrarias de Galiza. Por parte do sindicato asistiron a Secretaria Xeral, Lidia Senra, Xosé Ramón Cendán e Mariano Lema. Por parte de Política Territorial, participou na xuntanza o propio Conselleiro, Alberte Núñez Feijoo.

Neste encontro, que tivo lugar na sala de reunións da Consellería de Política Territorial o pasado 29 de decembro, destacou a ausencia do sindicato Unións Agrarias que, a pesar de estar actuando en contra dos intereses de labregos e labregas, e da súa propia afiliación, segue na liña de tentar boicotear o proceso de regularización das cortes.

Polo demais, o Sindicato Labrego Galego aproveitou o encontro para presentarlle a Núñez Feijoo a posibilidade de realizar un proceso semellante ao da regularización das cortes co tema da licencia de actividade.

O Conselleiro comprometeuse a, cando remate o actual proceso en maio, comezar a traballar na resolución da licencia de ac-

tividade.

Cómpre lembrar que esta reivindicación da licencia de actividade está a traballala en solitario o Sindicato Labrego, que a fixo pública na segunda Festa pola Regularización das Cortes.

Diante desta reivindi-

cación, axiña contestaron a través da prensa Xóvenes Agricultores e Unións Agrarias, que se manifestaron publicamente en contra de que se inicie un proceso para que os labregos e labregas de Galiza acaden a licencia de actividade.

O secretario da Fegamp informará aos Concellos

Respecto á regularización das cortes, tratáronse temas como a inclusión dos invernadoiros e das vivendas vinculadas á explotación no proceso, aconsellándose que fosen incluídos os primeiros.

En canto ás vivendas situadas no medio rural, acordouse non incluílas por mor da dificultade de definir que construcións se podían considerar vivendas vinculadas a unha explotación e cales non. Caso a parte foron as vivendas tradicionais que, ao estar protexidas por lei, non lles compe ser regularizadas.

Polo demais, o secretario xeral da Federación Galega de Municipios, Xosé Piñeiro, que estivo presente na reunión, comprometeuse a transmitir todos estes acordos aos Concellos para que os teñan en conta

Campaña do SLG para pedir un trato fiscal xusto para os beneficiarios do cese anticipado

O Sindicato Labrego Galego realizou un acto de protesta, o pasado 29 de decembro, para chamar a atención sobre os problemas fiscais que están tendo moitos beneficiarios do cese anticipado por culpa de erros cometidos pola Consellería de Política Agroalimentaria.

Os actos tiveron lugar nas delegacións lucenses da Axencia Tributaria e da Consellería de Política Agroalimentaria, onde moitos afectados que cobraron o 40% do que lles correspondía polo cese anticipado, entregaron alegacións pedindo un trato fiscal xusto que se lles dese a posibilidade de fragmentar o pago dos impostos correspondentes a ese cobro.

Cómpre lembrar que a algunha destas persoas, ao cobrar dunha soa vez case a metade dos cartos que lles corresponde por abandonar a actividade e, posteriormente, declaralos a Facenda, atópanse con que se lles chega a cobrar ata 4.000 euros en concepto de Imposto da Renda.

Trátase dun problema creado pola propia Consellería de Política Agroalimentaria, que agora non está dando

mostras de querer solucionar axiña, pois polo momento non fixo nada para emendar o erro.

O SLG, única organización que busca saídas a este problema

Ata o de agora, foi o Sindicato Labrego Galego a única organización que se preocupou por tentar atopar unha solución a isto.

Así, o pasado 11 de novembro, os compañeiros Esther López e Alberte Veiga mantiveron unha reunión no Ministerio de Economía xunto a compañeiros da Coordinadora de Organizacións Agrarias e Gandeiras (COAG) e representantes da Dirección Xeral de Tributos. Foi alí onde puxeron este tema sobre a mesa, esixindo fórmulas para que os beneficiados do cese que cobraron o 40% do pago nun primeiro adianto non teñan que desembolsar cantidades tan grandes a Facenda.

Precisamente, os actos do 29 de decembro encádranse nesta campaña para esixir da Administración solucións a un problema creado por ela mesma.

¡OFERTA!
¿Quere un seguro máis barato para seu coche?

Tramitamos seguros de automóbiles para os afiliados e afiliadas do Sindicato Labrego Galego en boas condicións.

Se tes máis de 28 anos, e máis de dous anos de carné de conducir, trae ao local do SLG máis cercano a túa póliza de seguros actual, amais do último recibo de pago, e procuraremos facerche unha mellor oferta.



Servicios de xestión para labregos e labregas

Confíe os seus trámites a especialistas en matriculación e transferencias de maquinaria agrícola



Consulte prezos en calquera oficina do Sindicato labrego Galego





Congreso Sectorial de Vacún de Leite

Sindicato Labrego Galego

Arzúa, 21 de febreiro de 2004

Relatorio

1. Os anos noventa

A década dos noventa foi, en Galiza, unha época marcada, cando menos a nivel agrario, pola loita contra a implantación do sistema de cotas. Esta loita foi asumida polo conxunto do sector, ou alomenos por unha maioría moi representativa do mesmo ata os últimos anos desta década dos noventa. Durante este tempo, a loita fixo que o referido sistema de cotas non funcionase a ningún nivel, e trouxo considerables vantaxes para o sector que hoxe se valoran dun xeito minimizado. Semella que non nos damos conta de que, de terse aplicado dende un principio tal e como se pretendía, este sistema de cotas tería, hoxe por hoxe, reducido a nosa capacidade productiva a moito menos da metade da produción real actual e, polo tanto, a nosa cota actual para o conxunto do país sería tamén a metade da que hoxe temos, aproximadamente. Ademais, estivemos oito anos sen aplicación da supertaxa, aínda que a súa ameaza planease sempre por riba das nosas cabezas coma unha espada de Damocles, o que impediu que o sector tivese unha evolución conforme é debido. Non obstante, a partir do ano 1998 mudaron moito case tódalas circunstancias.

O certo é que esta década remata cun sector cada vez máis pequeno e máis desarmado, maiormente dende as tractoradas de 1998 e a grande represión das mesmas, na que destacaron todas aquelas multas que tivemos de lastre ata onte mesmo. O peor foi que este feito marcou o inicio dunha paulatina perda de debate no sector, no sentido de que cada vez se normalizou máis o mercado de cotas; aceptouse de máis ou menos bo grao a aplicación das mesmas e do seu mercado; e perdemos a loita da supertaxa ao permitirmos,

por primeira vez, que nola cobrasen. Aínda que a produción non se adaptou á cota, porque sería imposible, si se foi aceptando esta norma como realidade de próxima aplicación. Para seguir producindo aceptamos como boa a oferta que nos fixo a industria, co beneplácito das Administracións Públicas, de ocultar a nosa produción pola vía do leite negro e comprimido, pero iso xa é outra historia. O mercado de cotas normalizouse e o prezo das mesmas non parou de medrar dende daquela, ata converterse case en mellor oficio a compravenda da cota que a produción mesma.

2. O Leite negro e a ocultación da produción

O fenómeno do leite negro e do leite comprimido foi presentado coma un milagroso remedio para tódolos axentes presentes no mercado: para o Estado porque non perdía produción pero tampouco se pasaba; para a industria porque non perdía abastecemento, librábase da supertaxa e, por riba, mercaba o produto moito máis barato; e para o sector produtor porque se quitaba de enriba os problemas de cota sen reducir a produción. Ao final, a milagre non resultou ser tan encantadora, polo menos para os gandeiros e gandeiras, xa que significou vender a baixo prezo, moitas veces por baixo de custos de produción, e asumir unha produción oculta que máis axiña que tarde desaparecerá, (ou xa de contado, como pretende a Administración), e que a nivel teórico xa non existe.

Polo tanto, o do "leite negro" só serviu para perdermos cartos e máis capacidade productiva. Iso si, a industria e os especuladores fixeron o agosto á conta do "favor" de esconder a nosa produción. Para o Sindicato Labrego Galego é

preciso eliminar esta forma "paralegal" de ocultar a produción e que o sector afronte a necesidade de conseguir que se nos asignen dereitos de produción suficientes para facer viábeis, no futuro, tódalas explotacións que existen na actualidade. Non precisamos leite negro nin comprimido, pero non queremos que a súa eliminación supoña unha perda de capacidade productiva. Se non é así, o sector productivo tenderá a minimizarse co tempo, perdendo a súa importancia vertebradora no tecido económico e social de Galiza e do seu medio.

3. A perda do debate no sector

Dende as mobilizacións de 1998 e a aplicación dos sistemas de ocultación da produción como "solución", o sector lácteo perdeu o seu carácter de vangarda no movemento social agrario de Galicia. O debate de fondo, que ata ese momento estaba cargado por un forte contido de economía social, foi substituído por postulados de economía negocio, e así pasamos de falar de:

- Conseguir dereito de produción que cubra a nosa capacidade productiva.
- Manter o emprego no sector fixando dereitos de produción por persoa activa.
- Sector dinámico en Galiza, consolidando produción e industrialización (grupo lácteo, etcétera).
- Prezos capaces de garantir rendas dignas para tódolos traballadores e traballadoras que fixen os seus postos de traballo.
- Manter explotacións.
- Defender o xeito de produción tradicional como modelo de desenvolvemento sostíbel, respectuoso co medio, e xerador de produtos sans, etcétera.

Ou sexa, falar de solucións colectivas, e non discriminatorias, para asumir o discurso dos poderes políticos e fácticos centrado na filosofía neoliberal, cunha visión de fondo da agricultura como negocio individual, e baseado nun discurso a base de "slogans" publicitarios:

■ O sistema de cotas é o mellor dos posibles, garante prezos e, ademais, é inamovíbel.

■ Cada explotación ten que mercar a cota que queira producir; ademais, o investimento en cota é o máis rendíbel de todos

■ Hai que ser "profesionais" e facer explotacións competitivas e ben dimensionadas (grandes).

■ É moi importante investir en xenética, nas grandes productividades é onde está o negocio, a rusticidade non fai falla para estar todo o día atada nunha pescocera, a base territorial é secundaria, hai que eliminar o pastoreo, etcétera.

Este xeito de entender a gandería provocou, en moitas explotacións, dúas cousas que, pouco a pouco, van acabar poñendo na corda frouxa o noso futuro:

1. Un xeito de producir totalmente incompatible cos modelos de gandería sostible, cun manexo moi diferente da gandería tradicional, e baseado nun xeito de producir con variábeis que non controlamos e que, por riba, están a xerar unha situación de irreversibilidade, xa que moitas cousas non teñen volta atrás.

2. Uns investimentos millonarios que para moitas destas explotacións serán a lousa do seu definitivo enterramento.

Claro que algunhas explotacións, moi poucas, sobrevivirán de xeito satisfactorio a esta aposta pola gandería intensiva e semiindustrial e polo agronegocio, pero a maioría desaparecerán, e con elas o noso sector lácteo.

4. A Política Agraria Común (PAC)

A Axenda 2000 ía supor para o sector leiteiro unha redución paulatina e gradual dos prezos, o cal íase compensar cunha prima que paliara os efectos da perda de renda por baixada de prezos. Tódalas previsións da Axenda 2000 están sen poñer en práctica nestes momentos, nos que xa hai aprobada unha nova reforma da Política Agraria Comunitaria que, entre outras cousas, vai significar o anticipo nun ano da devandita Axenda 2000.

Claro que a reforma tampouco é tal. Salvo matices, non é mais que a aplicación da mesma filosofía e dos mesmos mecanismos con moi peque-

nas modificacións. O que está claro é que unha das súas medidas xa tivo os seus efectos: nos pasados meses, moitas explotacións animáronse a mercar cota, xa que esta traía canda si "unha importante subvención a partir do 2005". A importante subvención nin sequera cubre a baixa prevista dos prezos; ou sexa, que non vai ser ningún negocio para quen vaia a seguir producindo.

Sen embargo, si pode ser negocio para as cotas das grandes explotacións europeas ou españolas, sobre todo cando se aplique a segunda das medidas: o desacoplamento, tan desexado por este tipo de explotacións e que se aplicará a partires de 2007, ou quizabes dende o 2005, como moitos desexan. É moi posíbel que moitas destas "grandes explotacións" sexan quen cobren a partir destas datas a maioría das primas sen producir nada -unha parte importante das primas destinadas a explotacións improductivas-; e quen sigamos a producir seguiremos cobrando primas testemuñais que moi pouco peso van ter no noso nivel de renda, xa que as nosas pequenas cotas alcanzan pequenas primas a un prezo unitario de 35,5 euros por tonelada. Moitos e moitas, posiblemente, seguirán mercando cota sen dereito a prima, que ha ser algo máis barata. Aquí tamén gaña a paparotada, e xa lle tardan a moita xente deste sector estas medidas de desacoplamento para vivir sen producir.

Outra novidade desta PAC é que deixa aos estados membros tantas posibilidades de definila que non se pode falar dunha única política agraria na Unión Europea. É moi posíbel que este sexa o principio da fin da Política Agraria Común, xa que o sistema neoliberal non a precisa, e os grandes axentes económicos tampouco.

5. A nova política da Administración

Recentemente, tanto a Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, como o Ministerio de Agricultura, teñen deseñado un plan baseado en medidas lexislativas e de inspección e control da produción e dos mercados (primeiros compradores, etcétera), control da trazabilidade, etcétera, co obxectivo de "dar transparencia ao mercado e eliminar a fraude que supón o leite negro" que, de levarse a cabo, tal e como vai planificado, traerá como consecuencia última a eliminación dunha importante parte das explotacións existentes por varias vías:

1. Aquelas explotacións que non poidan vivir da produción da cota que teñen asignada e non teñan capacidade para facerse con máis cota.

2. Aquelas explotacións que non

poidan facer fronte á carga burocrática que vai supor a implantación de todos estes sistemas de control.

3. As explotacións que para cumprir con esta política fagan investimentos en cota imposíbeis de amortizar pola renda que xera a súa propia actividade.

Nestes momentos, o sector está chamado a dar unha resposta a todas estas medidas. O problema é que, coa situación de submisión xeneralizada debida á perda de debate antes referida e á situación en xeral, parécenos difícil que esta resposta sexa moi masiva. Hoxe en día é máis doado atopar gandeiros ou gandeiras que vexan esta política como "correcta" que xente que a cuestione. Isto é debido a unha idea base que os poderes fácticos do sector conseguiron meter de fondo en todo razoamento, e que consiste en valorar positivo que queden menos explotacións "porque a propia non vai ser nunca unha das que vai desaparecer; pola contra, cando isto se normalice e desaparezan os que non son modernos, vainos ir moito mellor e imos gañar moito máis diñeiro as persoas que quedemos".

Aparte disto, debemos ter en conta que a maioría do sector acepta de bo grao a seguinte disxuntiva de futuro presentada a dúas únicas bandas:

1. Seguir producindo, adaptando a produción á cota (perda de capacidade productiva), ou mercando cota para cubrir a capacidade productiva (endebedamento).

2. Abandonar o sector aproveitando o bo prezo da cota e irse a outras producións ou actividades menos problemáticas.

Non obstante a todo isto, no momento que vaian saíndo problemas concretos teremos que tentar darlles resposta coa parte de sector que fica consciente da realidade que isto suporá.

Iso si, todas estas medidas farán subir a cota a prezos aínda moito máis desorbitados, e un número importante de explotacións mercarán cantidades de cota que nunca van poder pagar, ficando deste xeito fóra desa "elite" á que queren pertencer pola vía do investimento constante.

6. O papel do SLG en toda esta situación

Dende o Sindicato Labrego Galego sempre defendemos que o futuro para a produción e para o sector estaba nas explotacións familiares tradicionais, xa que pensabamos que son ideais para manter unha gandería extensiva, sostíbel e respectuosa co medio, empregando un gran número de man de obra e, deste xeito, fixando

xente no medio rural. O que tiñamos que facer é conseguir o suficiente dereito de producir para garantir o futuro de todas estas explotacións cun nivel de renda suficiente.

Esta postura resultou perdedora, é dicir, non apoiada pola maioría dos produtores e productoras, aos que lles resultou máis atractiva a idea de grandes explotacións (¿porque non había a propia ser unha delas?) con grandes beneficios,. Así, empezaron na carreira de mercar grandes cotas, grandes cortes, vacas de alta xenética alemana, dotacións de maquinaria para atender todo isto, etcétera.

Uns investimentos millonarios que colocaron os custos de produción de leite en Galiza nos máis altos de Europa, e que funcionaron mentres se mantivo un prezo relativamente alto de compra do litro de leite. Cando este prezo diminúe, estas grandes explotacións, ou ben non son capaces de soportalo, ou ben para soportalo teñen que reiniciar o ciclo dos investimentos: mercar máis cota, máis vacas de alta xenética, etcétera. É dicir, endebedarse máis para poder pagar as débedas de vello.

No Sindicato Labrego Galego nunca cremos neste tipo de solución individual. Ademais, estes grandes investimentos parécenos que o único que traerán consigo son descapitalizacións do sector productivo. Non podemos estar investindo constantemente nun modelo de sector que ninguén sabe como vai ser, nin que dimensionamento vai ser o ideal. O único que se sabe deste modelo é que é especulativo, e o problema é que isto non é un investimento de bolsa, senón que ten unha parte práctica que alguén ten que definir.

Por poñer un exemplo, todo o investimento en xenética alemana, coa eliminación aparelada do frisón inglés ou neocelandés, mais rústicos, da face do mapa en Galiza, foi un grande investimento que, ademais, xerou un proceso irreversíbel para moitas explotacións, que nunca poderán volver ser extensivas aínda que quixesen. Non poden andar pacendo no monte cunha vaca de 12.000 ou 14.000 litros, o mesmo que non se pode botar gasóleo a un Ferrari, sen cambiar o conxunto da explotación; ou sexa, facer outro investimento de moitos miles de euros.

Poderíamos concluír que todo o diñeiro investido no sector productivo lácteo galego baleiraron a maioría das economías familiares e non serviron para solucionar nin un só dos problemas do sector. Parécenos que estamos nunha situación moi parecida á de fai cinco anos, só que con 12.000 explotacións menos, e as que quedan con menos cartos. Podemos dicir, polo tanto, que foi un fracaso o modelo seguido neste tempo, aínda con-

scientes de que a maioría de gandeiros e gandeiras seguen engaiolados del e intentando facerse con cartos para poder investir o que non teñen en cota, en supervacas, etcétera, e incrementar así a súa produción, ano tras ano, de xeito indeterminado.

7. As nosas propostas neste contexto

Parécenos imprescindible, no inmediato, conseguir centrar o debate na reivindicación de, cando menos, estas seis cousas:

1. Manter o total das explotacións leiteiras existentes na actualidade.
2. Consolidar con cota as producións de tódalas explotacións.
3. Consegir normalizar o relevo xeracional con incorporación de mozas e mozos.
4. Establecer mecanismos que permitan ás explotacións de leite dotarse da base territorial necesaria para realizar a súa actividade.
5. Dotar ás explotacións de legalidade, a tódolos niveis, para exercer a súa actividade.
6. Consegir mecanismos de negociación e control de prezos.

Claro que, estes puntos só nos serven para manter as explotacións actuais nas condicións en que se atopan agora, que sería o imprescindible para non seguir a destruír sector productivo nin continuar despoboando as parroquias rurais. Para redimensionamentos vindeiros de explotacións, ou incluso para o establecemento de novas explotacións e de políticas de futuro, parécenos que se deberían establecer criterios de prioridade baseados esencialmente en razóns de orde social, de vertebración dos núcleos rurais e de fixación de poboación, ademais de:

- Criterios de ordenación do territorio.
- Establecementos de ganderías extensivas que colaboren ao mantemento da actividade e da paisaxe tradicional.
- Agroecoloxía.

1. Manter as explotacións e os dereitos de produción: Para manter as explotacións existentes é imprescindible consolidar a produción actual. Para conseguir eses dereitos de produción a única vía posíbel é a súa redistribución entre tódolos produtores e productoras xa que, como vimos antes, non tódalas explotacións teñen aspiracións unicamente productivas para o uso deses dereitos, senón que moitas están pensando na súa utilización especulativa unha vez que se introduza o desacoplamento. Parécenos imposible que poidan convivir explotacións de 20.000 ou 30.000

quilos de cota por traballador con explotacións de 1.000.000 de quilos por traballador, nun dereito que distribuíu o Estado e que, polo tanto, debe ter algún criterio social.

Todo traballador ou traballadora do sector lácteo debe ter garantida a súa renda mínima pola vía de asegurarlle un dereito de produción mínimo. A cota media en Galiza é de 78.796 quilos por explotación, e temos unha media de 1,2 unidades de traballo agrario (UTA) por explotación. Para garantir unhas rendas por UTA, ou persoa activa, do 80 % da renda agraria de referencia, sería preciso un dereito mínimo de produción de arredor de 125.000 quilos por UTA, ou o que en Galiza sería o mesmo: unha media de 150.000 quilos por explotación. Só tendo en conta datos do Estado, Galiza, co 54 % das explotacións de leite, só ten o 30 % da cota estatal, e xa non falemos a nivel europeo. Algún desaxuste ten que supoñer este dato.

Temos, polo tanto, que camiñar, a nivel de dereitos de produción, no sentido de conseguir os seguintes obxectivos:

- Consolidar como dereito de produción real os niveis actuais de produción.
- Traballar no sentido de conseguir niveis de produción que garantan a renda mínima á que nos referimos no parágrafo anterior.

2. Manter e renovar a poboación: Tamén é imprescindible incorporar xente moza á titularidade ou ao traballo das explotacións para que a poboación non siga envellecendo e para que as explotacións teñan un futuro garantido. Pero se queremos que a xente nova quede no medio rural hai que xerar mecanismos que permitan facelo, e que proporcionen unha calidade de vida semellante á do resto dos habitantes. Algúns poden ser estes:

- Darlle prestixio e formación aos profesionais da gandería.
- Seguridade Social accesible e con prestacións suficientes, semellantes ás do Réxime Xeral.
- Mecanismos para o acceso á vivenda propia.
- Dotación de infraestructuras e servizos ás parroquias, aos concellos e ás cabeceiras de comarca.
- Alternativas culturais e de ocio e tempo libre.

3. Os usos da terra: A base territorial, por outra banda, e sobre todo falando de gandería extensiva, é outra das grandes eivas que teñen, hoxe por hoxe, a maioría das explotacións de leite. Isto é debido a que, historicamente, as explotacións galegas eran de pequenas dimensións e fixeron o seu proceso de medre dun xeito totalmente desequilibrado: incrementaron o censo gandeiro, as edificacións, a dotación de

maquinaria, etcétera; pero nada, ou moi pouco, a súa base territorial, que en case ningún caso se incrementou na porcentaxe suficiente. Nalgúns casos foi porque non se viu esta necesidade; e en moitos outros por non ter a posibilidade de facelo ao non existir terra dispoñíbel, ou por non haber diñeiro para poder acceder a ela.

O certo é que en Galiza, no período 1993-2002, pecharon 42.630 explotacións. As que ficaron só incrementaron a súa base territorial nunha hectárea. Isto é así porque a maioría das terras dispoñíbeis foron destinadas a plantacións forestais, englobadas no programa de forestación de terras agrarias que tanto propiciou a Consellería de Política Agroalimentaria e que para as explotacións gandeiras serviu, aparte de para evitar o incremento da súa base territorial, para inviabilizar unha parte importante da súa propia por invasión das plantacións forestais. Unha vez máis, a política da Administración levouse a cabo do xeito contrario ás necesidades dos administrados, neste caso gandeiros e gandeiras e agricultores e agricultoras de Galiza.

O cambio da política oficial e da ordenación do territorio, neste sentido, terá que ser no futuro outra importante reivindicación de tódolos sectores agrarios, incluído o leiteiro. Pero non abonda co cambio de política forestal. Será preciso abordar en serio a ordenación do territorio e, minimamente, a de cultivos; amais da constitución dun banco de terras que cumpra con dous obxectivos: a utilización racional do espazo agrario, e a disposición de terras que dote de base territorial a tódalas explotacións que o precisen. Polo tanto, o banco de terras deberá cubrir, como mínimo, estas esixencias e obxectivos:

- Deberá abarcar toda a superficie agraria de Galiza.
- Deberá ser unha oferta interesante para os propietarios da terra non usada.
- Terá como obxectivo a utilización racional de toda a terra que se defina como agraria.
- Deberá garantir infraestrutura territorial ás explotacións que o desexen, sempre con criterios sociais (fixar poboación, modelo agrario, garantir renda mínima, etcétera), e cuns custos asumibles e que non encarezan no mercado o solo agrario.
- Deberá mobilizar toda a superficie susceptible de ser productiva.

8. A legalidade das explotacións

Ata o de agora, a instalacións de explotacións non precisaron doutro trámite burocrático que as solicitudes de alta na actividade. Actualmente,

estamos no proceso de regularización das edificacións, pero este trámite non dota ás explotacións dunha legalización definitiva da actividade. Tamén é sabido que a legalización definitiva precisa do cumprimento de condicións, tanto medio ambientais como de sanidade pública, que moitas explotacións non cumpren. Deberíamos demandar da Administración Autonómica e Local mecanismos para solucionar esta situación, incluídas as vías de financiamento que permitan solucionar os diferentes problemas sen engadir novos investimentos pero, en todo caso, sen que isto supoña unha nova traba que se cobre a continuidade de ningunha explotación.

9. Política de prezos

É imprescindible que o sector lácteo se dote en Galiza dun sistema de negociación, racionalización e estabilización do prezo do leite en orixe que impida, no futuro, que este poida ter en ningún momento carácter especulativo, evitando oscilacións que xeren falsas expectativas e desestabilicen o mercado, e establecendo un valor mínimo que cubra os custos de produción coa suficiente marxe para garantir un mínimo nivel de renda.

Este sistema debería ter a forma dunha interprofesional galega e debería cumprir como obxectivo fundamental o anteriormente descrito: prezos mínimos, pago de calidades, etcétera. Non se trata, pois, de facer outra Interprofesional Láctea (INLAC) a nivel autonómico, xa que pensamos que a actividade da INLAC non é a máis necesaria para o sector nestes momentos, nin nos parece que sexa capaz de acadar, tan sequera, os seus propios obxectivos. Lembremos que a actividade fundamental da INLAC é a da "transparencia na aplicación da política de cotas" e o seu meirande logro a unificación das facturas, algo no que cada comprador segue facendo como quere.

Sería importante traballar no camiño de cambiar a dinámica de prezos imposta polas grandes cadeas de distribución e as grandes áreas comerciais, que non deixan nin sequera funcionar a lei da oferta e da demanda que tanto defenden os mercadores, como punto de partida para garantir prezos mínimos que non nos obriguem cada ano a incrementar a produción para manter o nivel de renda e poidamos, dunha vez, dimensionar as nosas explotacións con criterios realistas e duradeiros.

9. A modo de conclusión

É moi posíbel que, no futuro

inmediato, neste sector haxa cambios que nos vaian levando cara ao escenario que a Unión Europea ten, parécenos que moi definido, para 2007-2008. Este novo escenario consistirá no libre mercado tal e como o concibe o neoliberalismo dominante, no económico e no político, a nivel mundial.

En Galiza, levamos quince anos traballando en condicións moi adversas, e aínda así conseguimos estabilizar un sector lácteo relativamente sólido e dobrar o noso dereito de produción. Polo tanto, debemos perderlle o medo ao futuro.

No inmediato, quedannos a aplicación das medidas de transparencia, de trazabilidade, a nova Política Agraria Común cun novo marco xerado pola aplicación de primas, o desacoplamento que chegará antes do que pensamos, a case segura baixada de prezos, etcétera. Son moitos os cambios, e serán moitos os problemas. Sabemos que non vai ser doado, pero tampouco máis difícil do que o foi ata agora. Iso si, este oficio esixe cada vez máis convencemento de estar facendo, ademais dun traballo moi digno, un labor de vertebración social importante. É, xa que logo, un oficio altamente vocacional. É preciso crer no modelo que defendemos, e confiar en que é o único capaz de ofrecernos un futuro duradeiro, pois daranos máis ganas de seguir adiante. Isto non é para especuladores nin para negociantes. Ninguén vai facerse rico nesta profesión. Só serve para persoas que queren vivir do seu traballo, e facelo dignamente é algo que depende, máis que nada, de todos nós.

Estamos seguros de que o modelo que nos propón o sistema neoliberal, materializado nas políticas da Organización Mundial do Comercio (OMC) e lexislado a través da PAC, é un modelo sen futuro que só serve para o enriquecemento de moi poucas transnacionais e dos agronegocios, e que nin sequera é sostíbel polo propio planeta. O noso futuro está en seguir facendo o mesmo que facemos. Só precisamos recoñecemento e unha mínima estabilidade.



**SINDICATO
LABREGO
GALEGO**
COMISIÓNS
LABREGAS

SUPLEMENTO ESPECIAL



Congreso Sectorial de Vacún de Carne

Sindicato Labrego Galego

Lugo, 14 de febreiro de 2004

Relatorio

1. Introducción

A produción de carne de vacún ten unha grande importancia no agro galego, xa que estamos a falar dun dos sectores con maior contribución á Producción Final Agraria, e do cal viven, a día de hoxe, un importante número de familias labregas. É de salientar que, en certas comarcas do interior de Galiza, a produción de carne de vacún constitúe un freo da progresiva desertización do noso medio rural. Na actualidade, o sector produtor de carne de vacún ten un censo de máis de 657.000 vacas, del viven máis de 20.000 familias e ten un peso sumamente importante na produción total cárnica no Estado Español. Os seguintes datos son reveladores: o censo de nutrices en Galiza representa máis do 20% do total estatal, e a produción de carne en toneladas sitúase arredor do 13%.

Respecto da produción cárnica, debemos diferenciar dous subsectores distintos. Por unha banda, está a produción artesá; por outra, a produción intensiva que conforma modelo agroindustrial, representado polo cebadeiros deste país, integrados, en moitos casos, nas cadeas de integración.

O modelo de produción tradicional é o que fai, hoxe en día, que a carne galega sexa recoñecida e valorada dentro e fóra da Galiza; e é gracias a este modelo que a nosa produción conta cun grande prestixio.

2. Análise do sector

A produción de carne de vacún sitúase principalmente na provincia de Lugo e, en menor medida, na provincia de Pontevedra. Dentro destas provincias, existen unha serie de comarcas que teñen, nesta actividade, senón o único, si o principal sustento económico. É o caso da Montaña de Lugo (Ancares e A Fonsagrada), ou algunha comarca de Ourense. Noutros puntos do país, a produción cárnica segue mantendo un peso importante. A dimensión destas explotacións é variábel dependendo en grande parte do lugar no que estea situada, debido a que en certos puntos do país esta produción non pasa de ser unha actividade complementaria, en contraste con outras comarcas nas cales, lonxe de ser unha actividade complementaria, é a única e principal fonte de ingresos, levando consigo a incorporación

de xente moza ás explotacións, aínda que en número reducido. Ao igual que o resto do medio rural galego, caracterizado por un avellentamento da poboación rural, os titulares das explotacións de vacún de carne sofren as mesmas consecuencias e, por iso, nos últimos tempos se está a vivir unha forte desertización humana nestes espazos da xeografía galega.

A produción de carne de vacún en Galiza veuse afectada, nos últimos anos, por unha crise provocada pola baixada dos prezos, que levou a que hoxe se estea a pagar o mesmo polo quilo de carne que hai vinte anos. Un dato que di moito, sobre todo se o comparamos coa continua suba do Índice de Prezos de Consumo (IPC) que se deu no estado español neste mesmo período de tempo.

Tendo unha produción de calidade e cun recoñecido prestixio máis alá das nosas fronteiras, estamos sometidos a unha conxuntura de mercado que está a afectar de xeito drástico. As distintas reformas da Política Agraria Común (PAC), levadas a cabo nos últimos anos, agudizaron esta baixada nos prezos. Para compensar este descenso, a Unión Europea estableceu un sistema de primas que fose capaz de cubrir a caída de renda sufrida neste sector.

A baixada de prezos que se deu nos últimos tempos tivo distintas causas. Por unha banda, é preciso ter en conta a apertura comercial que se deu cara os países do Leste, favorecendo unha importación desta parte de Europa, especialmente nos anos noventa, ou importacións de Arxentina, que tamén foron frecuentes. É preciso ter en conta, igualmente, que as distintas políticas agrarias implementadas, só favoreceron os intereses do cebo industrial, provocando así en moitos casos unha sobreproducción, favorecendo os intereses dos fabricantes de pensos, hormonas ou de calquera outro tipo de provedores destas explotacións intensivas. Á marxe destas causas, existiron aspectos fundamentais á hora de analizar a baixa de prezos neste sector: as sucesivas reformas da PAC e, ao mesmo tempo, a crise das vacas tolas.

A crise das vacas tolas foi unha verdadeira lousa para o sector. Trala aparición do primeiro caso de Encefalopatía Esponxiforme Bovina (EEB) en Galiza (primeiro no conxunto do Estado Español), e a posterior actuación das administracións competentes, o noso sector sufría unha verdadeira perda de prestixio e unha desconfianza por parte de moitos consumidores e consumidoras. A ac-

tuación da Administración caracterizouse por unha falta total de calquera iniciativa relacionada coa prevención, ou cos controis sobre o uso de fariñas animais nos ruminantes (verdadeiro causante do mal das vacas tolas). Permitiuse o uso destas sustancias cando xa levaban dous anos prohibidas, porque seguíase a máxima de producir e sacar o maior beneficio posíbel a calquera custo. Por outra banda, a falla de planificación por parte da Administración para a posterior actuación, levou consigo aspectos tan lamentables como os soterramentos en Mesía, que só xeraron unha maior desconfianza no agro galego e puxeron en risco o nivel de vida de todos e tódalas titulares das explotacións de vacún de carne.

Diante desta situación e como consecuencia do descrédito que sufría a carne galega, a falla de consumo levaba implícito que un importante número de xatos permanecese nas explotacións cando xa deberían estar sacrificados, traendo consigo que a falla de ingresos por parte de produtores e produtoras de vacún de carne fose unha constante que poñía en perigo a moitas explotacións produtoras de carne. A Administración, lonxe de poñer en marcha un sistema de axudas que permitise dar unha saída a estas explotacións, o que fixo foi implantar o famoso certificado antemorten, que en realidade non é máis que outra trama burocrática. Ao mesmo tempo, quen realmente estaba e está a recibir as verdadeiras axudas como consecuencia da EEB, son os fabricantes de fariñas cárnicas.

As sucesivas reformas da PAC, levadas adiante dende o ingreso do Estado Español na Comunidade Económica Europea (CEE), foron outra das múltiples causas que incidiron de forma notábel nos baixos prezos que sofre este sector. As distintas organizacións comúns de mercado (OCM) aprobadas sempre levaron implícita unha baixada dos prezos, especialmente a Axenda 2000, que se baseou principalmente nunha caída do 30 % nos prezos de intervención, favorecendo única e exclusivamente á produción de carácter agro-industrial para lograr o obxectivo dunha clara vocación exportadora da Unión Europea.

Coa fin de compensar esta baixada de prezos, a Comisión Europea puxo en marcha o sistema de primas, mediante o cal tiñan dereito de percibir esta subvención as vacas nutrices (destinadas ao cebo de xatos), e tiñan dereito a percibir igualmente esta axuda os animais ma-

chos destinados ao sacrificio, para implantar con posterioridade a prima de sacrificio en dous tramos, tendo a maiores a prima de extensificación cun carácter complementario. Este sistema de axudas non foi quen de compensar esta caída da renda de produtores e produtoras de carne debido, en grande parte, á mala xestión das Administracións competentes, por unha banda; e ás necesidades de mercado que precisan os animais destinados a sacrificio, por outra.

Respecto da prima de vacas nutrices, que está dedicada a todas aquelas vacas destinadas ao cebo de xatos, foi implantada no ano 1992. Nos sucesivos anos existiu unha reserva estatal de dereitos non utilizados, que como consecuencia de non telos solicitado non se volveron recuperar, deixando o Estado Español de percibir cantidades importantes como consecuencia desta xestión. Para percibir estas primas, era preciso ter unha carga gandeira inferior a 2 UGM / Ha (unidade de gando maior por hectárea). Esta cuestión levou implícito sucesivos cruces de datos da Consellería de Política Agroalimentaria co Catastro, co cal os gandeiros e gandeiras sufriron respectivas retiradas de superficie por erros burocráticos e a posterior perda de dereitos de prima a vacas nutrices. Estas primas axiña se converteron en obxectivo de especuladores, chegando certos personaxes doutros puntos do Estado a mercarnos estes dereitos, co cal, ao permitirse un mercado entre gandeiros e gandeiras, un importante número de dereitos de nutrices fuxiron. Na actualidade estase a dar o mesmo proceso.

O sistema de primas implantado nos últimos tempos favoreceu, en moitas ocasións, os intereses dos terratenentes, os cales cobraban grandes cantidades de primas, cometendo ás veces fraudes que posteriormente foron descubertas. Ao mesmo tempo estábase a dar o efecto dumping (prezos por debaixo do custo de produción), tanto a nivel estatal como internacional. O dumping, nun mercado caracterizado pola globalización, está a traer consigo a desaparición dun importante número de explotacións.

3. Propostas do Sindicato Labrego Galego para o sector

3.1. A renda agraria debe vir vía prezos principalmente, en troques de vir vía subvención.

3.2. Fixación dun prezo mínimo que sexa capaz de conseguir un salario mínimo para que tódolos labregos e labregas poidan vivir dignamente da súa produción.

3.3. Creación dunha mesa de prezos que garanta uns prezos estables a longo das distintas épocas do ano.

3.4. Creación dun sistema de contratos homologados garantidos pola Administración para poder asegurar ese sistema de prezos.

3.5. Controis nos matadoiros para garantir unha transparencia, tanto na clasificación das canais como nos pesos.

3.6. Controis sanitarios nos distintos puntos coa fin de garantir a salubridade da nosa carne.

3.7. Indemnización ás explotacións afectadas pola Encefalopatía Exponxiforme Bovina suficiente para compensar as perdas que sofren como consecuencia do sacrificio das súas re-

ses.

3.8. Prohibición do uso de fariñas cárnicas, de alimentos transxénicos e de antibióticos na fabricación de pensos, garantindo para iso un sistema de control eficaz.

3.9. Supresión do certificado ante-mortem, xa que na realizade a súa función é mínima e supón importantes gastos para a Administración, que á súa vez deixa este servizo en mans de empresas privadas.

3.10. Oposición a calquera tipo de privatización de servizos de sanidade animal, xa que desempeñan un carácter crucial que non pode quedar en mans de empresas privadas.

3.11. Demandamos un sistema de tratamento dos materiais específicos de risco (MER), público e totalmente gratuito. Non fomos os causantes da EEB e non temos porque pagar as súas consecuencias.

3.12. A recollida de cadáveres nas nosas explotacións debe facerse de xeito totalmente gratuito. O sistema de seguros só é reflexo da clara vontade privatizadora da Administración, que quere facer da recollida un negocio para certas empresas que actúan a día de hoxe.

3.13. Demandamos un sistema de crotalaxe público e gratuito para tódalas explotacións.

3.14. As primas que perciben os gandeiros e gandeiras deben ser suficientes para compensar as sucesivas caídas de prezos que se deron nos últimos tempos.

3.15. Oposición a todo tipo de medida tendente a favorecer o desacoplamento das axudas, xa que as subvencións públicas teñen que ir destinadas a favorecer a actividade agraria e fomentar as nosas producións.

3.16. Dotar de dereitos de prima a vaca nutriz a tódolos animais que a día de hoxe non perciben esta axuda, tendo en conta, ademais, que é unha garantía para poder manter un nivel de renda mínimo en calquera explotación de aptitude cárnica.

4. Posición do Sindicato Labrego Galego na Indicación Xeográfica Protexida "Ternera Gallega"

O Consello Regulador esta formado por catro censos distintos: produtores e produtoras, cebadeiros, matadoiros e salas de despece. Dende o ano 1997, no que se celebraron as primeiras eleccións, o Sindicato Labrego Galego optou por presentarse única e exclusivamente no censo de produtores e produtoras, en consonancia co seu programa de defensa da "Ternera Suprema". A defensa da "Suprema" é o eixo que o Sindicato Labrego Galego vai defender no Consello Regulador. Para iso propóranse as seguintes medidas:

■ O 75% dos fondos que xestiona o Consello Regulador deben ser destinados a potenciar e promover a "Terneira Gallega Suprema".

■ Aplicación rigorosa do regulamento de "Ternera Gallega".

■ Inspección das explotacións e dos cebadeiros inscritos sobre o cumprimento do regulamento.

Outro dos aspectos de grande relevancia na Indicación Xeográfica Protex-

ida (IXP) Ternera Gallega é a alimentación animal, por entender que este asunto é de vital importancia para acadar unha carne de calidade. As propostas do Sindicato Labrego Galego sempre estiveron orientadas no sentido de que as racións se basearan unicamente en cereais, e de que non se admitise o uso de produtos manipulados xeneticamente (transxénicos) nin de antibióticos como a Monansina, produto este último eliminado de entre os que poden entrar na composición das racións dos animais da IXP a proposta do Sindicato Labrego Galego e despois de ter que atravesar a crise das vacas tolas.

Emporiso, facemos as seguintes propostas a respecto da alimentación animal:

■ As racións alimenticias terán como base os cereais.

■ Prohibición do uso de organismos xeneticamente manipulados, tamén coñecidos como transxénicos.

■ Prohibición do uso de calquera tipo de antibiótico na alimentación do gando.

■ Prohibición de calquera tipo de potenciadores de crecemento, tanto directamente como na elaboración das racións alimentares.

Outra das preocupacións permanentes do Sindicato Labrego Galego é a de garantir a calidade da nosa carne, de aí o interese no bo funcionamento dos sistemas de control, tanto a respecto das racións alimentares como na marcaxe e identificación dos animais. Ao mesmo tempo, defendemos que a identificación da carne se faga con máis rigor, incluíndo datos como a comarca de procedencia, explotación, etcétera.

As propostas do Sindicato Labrego Galego a respecto desta cuestión son as seguintes:

■ Establecemento de dous tipos de controladores: uns para animais e outros para a alimentación.

■ Identificación da carne onde faga se faga constar a comarca, a explotación, ou o cebadeiro de procedencia.

■ Controis máis rigorosos sobre os puntos de venda.

■ Información periódica da empresa de control externo perante o Consello Regulador.

Respecto da comercialización, as propostas do Sindicato Labrego Galego pasan por promover accións para tentar comprometer, con axudas, ás carnicerías tradicionais co proxecto da Indicación Xeográfica Protexida mediante campañas de promoción da "Suprema".

No tocante ao tema dos prezos, é conveniente sinalar que, segundo os datos dos que dispón o Consello Regulador, unha cantidade importante de explotacións que inicialmente marcaban os seus xatos a traveso da IXP Ternera Gallega, ao final non os comercializan a través desta indicación. Está claro que a causa deste problema radica nos baixos prezos que moitas veces se dan nos animais comercializados a través da IXP. Diante desta situación, as propostas do Sindicato Labrego Galego son as seguintes:

■ Funcionamento regular da Mesa de Prezos da IXP Ternera Gallega.

■ Os acordos adoptados nesta Mesa de Prezos serán de obrigado cumprimento para as partes.

■ A compra e venda realizarase por medio de contratos homologados, establecéndose prezos mínimos diferenciados para Ternera Gallega "normal" e "suprema".

O Goberno atrasa ata o ano 2006 a reforma intermedia da PAC

Unha Consellería de Política Agroalimentaria temeraria pretendía comezar a aplicala xa no ano 2005

O 1 de decembro reuníanse en Zaragoza o Ministro de Agricultura, Arias Cañete, e os seus homólogos das comunidades autónomas, para discutir a aplicación da reforma intermedia da Política Agraria Común (PAC) no

Estado. Paralelamente, centos de labregos e labregas de toda España, entre os que se atopaba a xente do SLG, protestaron contra unha política que nos últimos anos demostrou ser nefasta para a agricultura e gandería.

A decisión máis importante que se tomou na Conferencia Sectorial de Agricultura, celebrada en Zaragoza, foi o aprazamento da entrada en vigor da nova Política Agraria Común ata o 1 de xaneiro de 2006.

O Sindicato Labrego Galego valorou positivamente esta decisión por considerar que se trata dunha postura máis prudente que a mantida pola Consellería de Política Agroalimentaria, que pretendía comezar coa nova PAC en Galiza en 2005.

De todos xeitos, para o Sindicato Labrego Galego sería moito máis positivo agardar ata o ano 2007, data tope fixada legalmente pola Unión Europea para a aplicación da reforma.

Cómpre saber que a reforma da PAC deseñouse en vistas ás negociacións do cumio da Organización Mundial do Comercio (OMC) celebrado en Cancún o pasado mes de setembro. Tralo fracaso deste evento por mor da negativa dos países pobres a aceptar as imposicións liberalizadoras dos ricos, a nova Política Agraria Común perdeu a súa lexitimidade.

Ademais, en vistas ao novo encontro auspiciado pola OMC en Hong Kong para o ano 2005, é máis que probábel que a Unión Europea volva revisar de novo a súa política agraria para poder chegar a algún tipo de acordo cos demais países, polo que resulta totalmente inxustificadamente comezar a aplicala.

A pesar da prudencia da Conferencia Sectorial de Zaragoza, o SLG sigue cualificando como nefasta a reforma da PAC aprobada, e opón a ela unha política agraria alternativa e deseñada para servir aos intereses das familias



O SLG apoiou a manifestación organizada en Zaragoza, o 1 de decembro, pola Coordinadora de Organizacións Agrarias e Gandeiras (COAG), único evento de protesta contra a PAC feito ese día.

labregas e do medio rural, en unión coas organizacións que integran a Coordinadora Labrega Europea (CPE). O SLG non pode aceptar unha política agraria que seguirá apostando pola constante baixada dos prezos agrarios e polo desacoplamento das axudas, unha medida esta última que propiciará que non faga falla traballar nin producir para poder cobrar primas. Unha barbaridade que pode supor unha estocada definitiva para a agricultura e gandería galegas, e un grande negocio para os especuladores.

O SLG insta á Xunta a que defina a postura de Galiza na PAC dialogando co sector

Dende o SLG pensamos que agora é o momento para que a Consellería de Política Agroalimentaria abra un auténtico proceso de negociación coas organizacións profesionais que temos acadado a condición de representativas nas pasadas eleccións a Cámaras Agrarias.

Estas negociacións deberían estar orientadas a fixar a posición de Galiza ante as futuras reunións da Conferencia Sectorial de Agricultura, e mesmo de cara a definir cal debe ser o modelo de agricultura a consolidar na Unión Europea nunha futura reforma da PAC. Política Agroalimentaria non pode seguir actuando de costas aos labregos e labregas do país e en contra dos seus intereses, e debe comezar a escoitar as súas propostas en boca das organizacións que, democraticamente, os representan.

Prohiben na Unión Europea, polo de agora, a comercialización do millo BT 11

O Comité de Seguridade da Cadea Alimentaria da Unión Europea vén de paralizar a comercialización do millo BT 11, un organismo manipulado xenéticamente, comercializado por Syngenta e destinado a consumo humano.

Neste comité de seguridade estaban representados expertos de cada estado membro que tiveron que votar para decidir. Como era de agardar, o Estado Español posicionouse xunto aos países que eran partidarios da legalización deste millo transxénico: Reino Unido, Holanda, Finlandia, Suecia e Irlanda. Pola contra, gañaron os que se opoñían, que eran Francia, Grecia, Portugal, Dinamarca, Austria e Luxemburgo.

De todos xeitos, esta non é unha posición definitiva. Agora, nun prazo de tres meses, deberán pronunciarse ao respecto os ministros europeos, e só poderán aprobar a comercialización do millo BT 11 con 62 votos a favor, dun total de 87.

De non obterse a maioría cualificada esixida, terá que ser a Comisión Europea quen decida, co cal vai ser moi posíbel que a legalización do millo BT 11 vaia para adiante.

Coa nova normativa para transxénicos na Unión Europea, en caso de autorizarse o BT 11, que se comercializará en forma de conserva de millo doce ou de flocos, os envases terán que anunciar na súa etiqueta que se trata dun produto manipulado xeneticamente se a súa presenza supera o 0'9%.

Ademais dos problemas propios dun transxénico-polinización cruzada, efectos imprevisíbeis sobre a saúde humana, redución da biodiversidade, etcétera-co millo BT 11 engádense outros derivados das súas características intrínsecas. Dado que se trata dun millo tolerante ao herbicida glufosinato amónico, poderanse empregar cantidades maiores deste insumo nos cultivos, cos problemas ambientais e de saúde que se poden derivar por iso, e en beneficio da industria.

Vía Campesina pide á OMC que fique fóra da agricultura e da alimentación

A organización internacional pronunciouse diante do encontro do organismo multilateral en Xenebra

O 15 de decembro, diante dun novo encontro de delegados da Organización Mundial do Comercio (OMC) en Xenebra, organizacións sociais de todo o mundo volveron manifestarse contra

as intencións deste organismo de globalizar os mercados internacionais. Entre as protestas destacou a de Vía Campesina, organización á que pertence o Sindicato Labrego Galego, que

pediu publicamente que a OMC fiquese definitivamente fóra de sectores tan importantes para os seres humanos e os pobos da terra como a agricultura ou a alimentación.

Na carta presentada diante da OMC por Vía Campesina, criticábase aos Estados Unidos e á Unión Europea, e á súa ambición por facerse donos de novos mercados agrícolas no exterior.

Para Vía Campesina, este tipo de políticas está tendo un efecto devastador para as economías rurais de base labrega e para a agricultura familiar independente, especialmente nos países do sur.

Vía Campesina tamén criticou ao denominado Grupo dos Vinte -antes G 21-, que representa os intereses exportadores de varios países en vías de desenvolvemento, pero que non defende os intereses do meirande de labregos e labregas que producen para os seus respectivos mercados nacionais.

Os movementos sociais presentes en Xenebra afirmaron que as actuais políticas de liberalización comercial céntranse en incrementar as exportacións



O SLG ten apoiado numerosos actos contra a OMC, como esta manifestación en Xenebra (Suíza)

que satisfán as necesidades das corporacións e ameazan o sustento dos máis pobres.

No documento dirixido á OMC incluíuse unha lista de propostas para trocar o actual marco internacional das políticas agrícolas, adoptando a soberanía alimentaria dos pobos como un principio conductor.

Entre outras demandas, exhortan aos gobernos a tomar as medidas necesarias para

protexer a produción e a distribución local e nacional de alimentos, e a defender o dereito de aplicar estas medidas como un dereito humano fundamental que non pode ser negociado a cambio doutras concesións.

Citando textualmente, "os negociadores cren que resulta aceptábel o sacrificio da produción e o consumo local, así como o sustento de millóns de labregos e labre-

gas, a cambio dun maior acceso aos mercados internacionais para os seus principais exportadores. Pero os movementos sociais de todo mundo sosteñen que o control da oferta mundial de alimentos non pode ficar en mans dun organismo que non dá contas a ninguén, antidemocrático e falto de transparencia, como é a Organización Mundial do Comercio".

Un conflito entre as industrias agrarias e millóns de labregos e labregas

Na carta de protesta presentada diante da Organización Mundial do Comercio, tamén se afirmou que o principal conflito no comercio internacional non é un conflito entre o norte e o sur, senón un conflito social que necesita ser abordado.

Así, a Vía Campesina denuncia que estamos ante un conflito entre a agricultura empresarial orientada cara ás exportacións e da que se benefician só uns poucos produtores agrícolas a gran escala, por unha banda; e, pola outra banda, a produción familiar e labrega sostíbel e descentralizada, principalmente destinada aos mercados nacionais, e da que depende a vida de centos de millóns de persoas.

O Congreso aprobou a supresión do Réxime da Seguridade Social Agraria

(Vén da páxina 1)

(...) como referencia para o cálculo das prestacións da Seguridade Social.

No sistema vello, a base é de 596,70 euros; no novo, é de 755,40 euros (igual a autónomos).

Por exemplo, para a xubilación, a día de hoxe, para o cálculo da pensión tómasese como referencia a cotización nos 15 anos anteriores a xubilarse.

A unha persoa que lle falte moi pouco tempo ou moito para xubilarse, non lle compensa acollerse ao novo sistema de

cara a cobrar unha xubilación mellor:

-No primeiro caso, porque lle aumenta durante pouco tempo a base de cotización e incide pouco na suba da pensión. Aumenta considerabelmente a cota que se paga ao mes para ter unha pensión escasamente mais grande.

-No segundo caso, porque sempre pode optar por cambiar para o novo sistema (algo a ter en conta é que sempre se pode cambiar do sistema vello para o novo, pero se cambia para o novo, non pode volverse para o

vello).

As persoas que teñen dereito a baixa, en calquera dos dous sistemas, cobran por enfermidade desde o cuarto ata o vixésimo día de baixa o 60%, e desde o día vixésimo primeiro ata o día da alta o 75%; estas porcentaxes obtéñense sobre a base de cotización que teña, e que é distinta no sistema vello e no novo.

Para as incapacidades, invalideces, pensións de viuvez, orfandade, etcétera, tamén as porcentaxes que se aplican para o cálculo da pensión, aplícanse sobre esta base de cotización.

Cotización das persoas que sigan no sistema vello no 2004

■ **Sen dereito a baixa:** pasan dunha cota de 115,54 euros a 117,85.

■ **Con dereito a baixa:** pasan dunha cota de 140,99 a 143,81 (en novembro xa aumentara 9 euros, ao pasar de 131,34 a 140,99 euros).

Cotización das persoas que entren ao sistema novo no 2004

■ **Sen dereito a baixa:** Corresponde unha cota de practicamente 128 euros.

■ **Con dereito a baixa:** Corresponde unha cota de practicamente 158 euros.

O Sindicato Labrego cristaliza a súa aposta pola produción ecolóxica

A nova Dirección Transversal de Agroecoloxía centrarase nos problemas e retos específicos do sector

O Sindicato Labrego Galego elixiu en Monforte de Lemos, o pasado 14 de decembro, á Dirección Transversal de Agroecoloxía, un órgano que nace coa intención de impulsar unha aposta

clara da organización por este xeito de producir. A elección da directiva realizouse nun congreso sectorial ao que asistiu un cento de persoas, e estará composta por oito membros, todos vin-

culados á produción ecolóxica: David Ásper, Milagros Carrera, Xosé Manuel Docampo, Isabel López, Xosé Manuel Durán, Pilar Penín, María López e María do Rosario Sánchez.

Pilar Penín, que foi a encargada de rematar a lectura do relatorio deste Congreso, adiantou algunhas das funcións que terá a nova Dirección Transversal de Agroecoloxía.

Así, este novo órgano terá poder de decisión, dentro do SLG e nos períodos que transcorran entre congresos deste sector, en tódolos temas relacionados coa agricultura ecolóxica. Un dos compromisos co que nace esta nova directiva é o de convocar unha asemblea de afiliados e afiliadas do sector ecolóxico, como mínimo, unha vez ao ano.



O Congreso Sectorial de Producción Ecolóxica celebrado en Monforte (dereita) serviu para elixir de xeito asambleario á nova Dirección Transversal de Agroecoloxía do Sindicato Labrego Galego (esquerda), que estará integrada por oito membros

¿Por que facemos un congreso ecolóxico?

Isabel Chamorro foi a encargada de dar comezo á lectura do relatorio congresual. Nese introito estaban as claves e razóns pola que o SLG decidise impulsar o congreso: "Sentímonos orgullosos de ser labregos e labregas, pero consideramos que a sociedade non valora a nosa función. Estamos desvirtuados, o noso papel de encargados de nutrir á poboación sentímolos lonxe. Manipúlannos constantemente, non participamos nas decisións políticas



e económicas que nos afectan. O papel que o sistema actual nos quere adxudicar é o de simples operarios agrícolas, sen poder de decisión e doados de manexar.

Por iso decidimos facer este congreso do ecolóxico e plasmar (...) atrancos, enganos, negativas, imposibilidades, tódolos berros asolagados, en definitiva; (...) e tamén facer constar as nosas ilusións e esperanzas polo futuro da agricultura ecolóxica".

¿Por que a produción ecolóxica? ¿Como?

Eloi Davila leu a parte correspondente ás razóns de ser da agricultura ecolóxica labrega, á que se definiu como "un sistema de produción responsábel e autosuficiente que integra tódalas producións agrarias e gandeiras, e onde se xestionan de xeito creativo e sostíbel os recursos naturais".

Tamén falou do papel dos labregos e labregas ecolóxicos, que "somos restauradores da natureza degradada e da paisaxe agraria, e mantemos o patrimonio xenético, potenciando a biodiversidade", e da función de recuperar a calidade dos produtos alimenticios.

Davila seguiu dicindo que "desexamos presentar unha alternativa real e viábel para obter alimentos suficientes sen destruír o solo, o entorno ou a saúde dos consumidores e consumidoras, das labregas e labregos, e que estes alimentos manteñan as súas calidades organolépticas e nutricionais".



Problemas actuais e tendencias da agricultura ecolóxica. Propostas e conclusións



O miolo do relatorio tocoulle expoñelo a Xosé Manuel Durán, que falou dos problemas e tendencias da agricultura ecolóxica galega, así como das propostas alternativas para este sector.

Entre a problemática deste tipo de produción, citou a comercialización, que sofre a falla de infraestruturas e de apoios para crealas; e o control e certificación, eido no que o Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galiza (Craega) "estase a converter máis nun freo que nun apoio, máis nun órgano policial e castigador; e non nun órgano que nos axude a potenciar a agricultura ecolóxica".

En canto ao tema da regulamentación e axudas, denunciouse o apoio a un modelo de agricultura ecolóxica industrial, en detrimento da produción labrega artesá; e a

inexistencia de axudas que permitan a reconversión.

Outro dos temas tocados foi o das sementes e insumos, onde se destacou a dificultade para obter, conservar e atopar sementes autóctonas e adaptadas ao medio; e a ameaza dos transxénicos.

Da formación díxose que "está desprezando o sermos labregos e labregas, e despreza a experiencia ecolóxica acumulada a través das xeracións anteriores", e que "non está pensada como continuidade do coñecemento local, senón que introduce tecnoloxías novas escindidas da tradición".

A toda esta problemática seguiron as propostas de solución para crear un futuro sólido para a agricultura ecolóxica en Galicia. En comercialización, optouse por unha aposta forte pola venda directa e tódolos factores dos que depende.

En control e certificación, avogouse por que o Craega se converta nun órgano público, independente e gratuíto "que debe funcionar adecuadamente antes de aprobar o seu regulamento interno"; e pola inclusión na certificación de aspectos a avaliar como o envasado, o transporte, e unha democratización do Consello Regulador que conte coa participación activa de labregos e labregas, e consumidores e consumidoras.

Igualmente, tamén se propuxeron alternativas ás políticas actuais de regulamentación e axudas, sementes e insumos, e formación.

Congreso sectorial de Vacún de Carne

Lugo, 14 de febreiro de 2004

Congreso sectorial de Vacún de Leite

Arzúa, 21 de febreiro de 2004

Se desexan máis información sobre calquera destes dous eventos, consulte en calquera oficina do Sindicato Labrego Galego

Consiga un seguro máis barato para o seu coche no Sindicato Labrego Galego

Agora pode conseguir un seguro máis barato para o seu coche a través do Sindicato Labrego Galego. Se vostede é afiliado ou afiliada ao SLG, ten máis de 28 anos, e máis de dous anos de antigüidade no carné, non dubide en acudir á súa oficina do SLG coa poliza que teña en vixencia na actualidade; procuraremos facerlle un mellor prezo.

Ademais, o SLG segue ampliando a súa oferta á hora de tramitar seguros agrarios de xeito que, ademais de poder cubrir a retirada dos MER, se poida tamén dar cobertura á aparición de ca-

sos positivos de encefalopatía esponxiforme bovina (EEB), ademais de asegurar ás vacas reproductoras e de recría.

Deste xeito, o SLG esforzouse para acadar as mellores condicións e vantaxes posibles para poder mellorar na prestación dos servizos ofertados aos seus afiliados e afiliadas, en particular; e aos labregos e labregas da Galiza, en xeral.

Así, a partir de xaneiro, todos/as aqueles/as que se queiran beneficiar desta nova oferta, tanto se teñen un seguro subscrito con outras entidades como se é a

primeira vez que o van facer, poden pasar por calquera das oficinas que ten o SLG no país para consultar as condicións e vantaxes de tramitar o seu seguro a través da organización.

Estas vantaxes serán dobre, xa que se van beneficiar, por unha banda, as explotacións; e pola outra, o propio sindicato, xa que disporá de máis medios e coñecementos para facer as propostas pertinentes ante os organismos que controlan todos os asuntos relacionados cos seguros agrarios e coas subvencións que estes reciben.

Programa de mellora técnica e desenvolvemento sostíbel dos procesos productivos agrícolas

Orde do 23 de decembro de 2003 na que se establecen as bases correspondentes ás axudas para programas agrarios de mellora técnica e desenvolvemento sostíbel dos procesos productivos agrícolas para o ano 2004. O prazo remata o 1 de marzo de 2004. Máis información en calquera oficina do SLG.

Mellora e modernización das estruturas de produción das explotacións agrarias

Orde do 23 de decembro pola que se modifican as bases reguladoras das axudas para a mellora e modernización das estruturas de produción das explotacións agrarias para o ano 2004. O prazo remata o 5 de marzo de 2004. Máis información en calquera oficina do SLG.

Axudas á apicultura para o 2004

Axudas destinadas a fomentar actividades de mellora da produción e comercialización do mel e, en concreto:

- Prestación de información e asistencia técnica.
- Loita contra a varroase.
- Racionalización da transhumancia.
- Medidas de apoio para a análise do mel.

Poderán ser beneficiari@s destas axudas as persoas físicas, xurídicas (cooperativas apícolas e organizacións representativas), e laboratorios.

O prazo para poder solicitar estas axudas remata o 6 de febreiro de 2004. As persoas interesadas poden pedir información en calquera oficina do SLG.

O prazo para regularizar a superficie de viñado ampliase ata o 30 de abril

A Consellería de Política Agroalimentaria vén de ampliar os prazos para a obtención de dereitos de replantación e de presentación de solicitudes

para a regularización de superficies de viñado ata o 30 de abril de 2004.

Se desexan máis información, poden preguntar en calquera oficina do SLG.

Axudas para a mellora estrutural e adaptación dos procesos productivos de sementes e plantas de viveiro de calidade. Prazo ata o 1 de marzo de 2004.

¡Afílitate ao SLG!



Rúa de Touro nº 21º, 2º
Santiago de Compostela

Sector:

☐ Leite ☐ Carne ☐ Queixo ☐ Horta ☐ Flor ☐ Forestal ☐ Ovino ☐ Coellos ☐ Viño

Nome e apelidos:..... NIF:

Enderezo:.....

Tlf:..... Concello:..... C.P:.....

Domiciliación de pagos de cotas

Sr. Director do banco ou caixa: Prégolle que tome nota, ata novo aviso, de adeudar na miña conta con esa entidade os recibos que ao meu nome serán presentados para o cobro polo Sindicato Labrego Galego.

Banco / Caixa de Aforros:..... Conta / Libreta:.....

Titular da conta ou libreta:.....

Nº de sucursal:..... Poboación:..... Provincia:.....

Atentamente (sinatura)

Data

Programa de axudas á gandería para paliar os ataques do lobo

A Consellería de Medio Ambiente estableceu unha liña de axudas para gandeiros e gandeiras que sufriron ataques do lobo. Estas axudas cobren ataques producidos despois do 1 de maio contra gando saneado vacún, ovino e caprino en explotacións semiextensivas de Galiza.

En caso de ser afectado ou afectada, cómpre saber que a consellería establece un prazo de 24 horas para dar aviso dende que se produce o ataque dos lobos. Se non se chama á Consellería de Medio Ambiente antes desas 24 horas, pérdese o

dereito a percibir a axuda.

O teléfono ao que se debe chamar é o 900 186 186; na chamada, pediranse datos sobre o ataque e darase un número clave para reclamar a axuda. Despois da chamada, recibírase a visita dun garda forestal para recoller información; ademais, o gandeiro ou gandeira deberá presentar unha solicitude diante da delegación provincial de Medio Ambiente.

A consellería esixe que non se mova aos animais atacados do sitio e que non se permita a entrada doutros animais no lugar.

Axudas para o uso racional da enerxía e investimento en enerxías renovábeis

Axudas encamiñadas ao uso racional da enerxía. As contías máximas das axudas para cada tipo de proxecto son as que se reflicten a continuación:

■ Proxectos de uso racional da enerxía: 40% do investimento subvencionábel

■ Fomento de enerxías renovábeis:

a) **Solar térmica:** ata 240 euros por metro cadrado de superficie de captación

No caso de instalación de colectores de alta tecnoloxía, o límite poderá incremen-

tarse ata os 300 euros por metro de en colectores planos eta 360 euros por metro en tubos de baleiro.

b) **Solar fotovoltaica:** Sistemas illados, 9 euros / Wp; sistemas conectados á rede: 4 euros / Wp

c) **Outras enerxías renovábeis:** 40% do investimento subvencionábel.

d) **Instalacións mixtas:** proporcional a cada un dos tipos anteriores.

O prazo de presentación das solicitudes remata o 31 de xaneiro de 2004.

Solicitude única de axudas a superficies, animais, indemnización compensatoria e outras primas gandeiras para o ano 2004

Orde do 23 de decembro de 2003 pola que se regula a solicitude única, no ano 2004, de axudas a superficies, animais e indemnización compensatoria, así como a solicitude doutras primas gandeiras.

O prazo para a presentación das solicitudes de axuda por cultivos herbáceos, leguminosas gran, da declaración de superficies forraxeiras, primas por vacas nutrices, pagamentos por extensificación, primas de ovino cabrún e indemnización compensatoria, empezará o 15 de febreiro de 2004 e rematará o día 12 de marzo de 2004.

Ademais do anterior:

■ As solicitudes de prima especial de vacún poderanse presentar desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2004.

■ As solicitudes de primas ao sacrificio de vacún, poderanse presentar dentro dos catro meses seguintes á data do sacrificio de cada animal e, en todo caso, nos seguintes períodos:

-Do 1 ao 31 de marzo de 2004.

-Do 1 ao 30 de xuño de 2004.

-Do 1 ao 30 de setembro de 2004.

-Do 1 de decembro de 2004 ao 15 de xaneiro de 2005.

Indemnizacións polo sacrificio obrigatorio de animais por enfermidade e compensacións polo lucro cesante

Dúas ordes da Consellería de Política Agroalimentaria veñen de regular as indemnizacións por sacrificios obrigatorios de animais e as compensacións económicas polo lucro cesante, motivado pola inactividade producida ao decretar a obrigatoriedade do baleiro sanitario pola presenza de enfermidades sometidas a un programa oficial de erradicación da brucelose, da tuberculose ou das encefalopatías esponjiiformes bovínas.

@s destinatari@s destas indemnizacións serán @s titulares das explotacións gandeiras nas que se sacrificaron os animais ou se acordou un período de corentena, en

aplicación dun programa oficial establecido para loitar contra unha enfermidade.

Así mesmo, a contía destas axudas variará, nun caso dependendo do número de animais sacrificados e do seu valor segundo o baremo oficial e, no caso da paralización e baleiro sanitario, será en función dos datos productivos declarados oficialmente nesa explotación, do tipo de actividade gandeira ou do número de días de inactividade.

O prazo para solicitar este tipo de axudas rematará o 20 de novembro de 2004.

As persoas interesadas en recibir máis información, poden realizar a súa consulta en calquera oficina do SLG.

Compra - Venda - Troco

VENTAS

Véndese

tanque de frío de 600 litros.
Chamar ao 986 689 726.

Véndese

autocargador marca COMPAR-MANLLEU, con descarga hidráulica, en bo estado.

Chamar ao mediodía ou pola noite ao tfno. 981 684 014.

Véndese

tractor de 50 CV, marca MF, con dobre tracción e apeiros. En moi bo estado.

Tfno. 981 788 423

Véndese

autocargador marca EUROPA de 22 metros cúbicos.

Tanque de 450 litros

Bomba de baleiro de cinco puntos ALFA LAVAL

Tfno. 646 336 125.

Véndese

lote de ladrillos cara á vista. Entre 3.000 e 4.000 unidades; a bo prezo.

Preguntar por Xesús no teléfono 988 413 803

Véndese

tractor de 21 CV LANDER.

Tfno. 982 151 639. Chamar pola noite.

Véndese

remolque espaxecedor de esterco FJ 55. Tara de 7.000 Kgs.

Tfno. 988 465 996.

Mércanse

trabadizas para vacas e xatas e sementadora de millo.

Chamar ao tfno. 982 164 045

Véndese

vacas xovencas.

Teléfono 981 195121

Véndese

rotempacadora KRONE 130 seminova

Tfno. 982 508 013, ao mediodía e pola noite

Véndese

frisonas de alta xenética abocadas a parir.

Tanque de leite de 2.000 litros ALFA LAVAL de dous muxidos e lavado automático.

Tfno. 629 177 933. Preguntar por Xesús

Véndese

ata 100 vacas nadas na montaña, vinte delas vianesas; a partir de 500 euros. (Ourense)

Tfno. 696 297 310

Véndese

vacas de raza Frisona.

Tfno. 981 793 506.

COMPRAS

Mércase

plastificadora de rolos.

Preguntar por Xosé María no teléfono 981 854 778

OUTROS

Deixan

50 ferrados para cultivar en Mesía que están a monte.

Tfno. 981 198 715



Xulio Rodríguez Bermúdez, membro da Executiva do SLG e da Cámara Agraria de Lugo

Con pouco máis de vinte anos, Xulio Rodríguez Bermúdez deixouse levar pola chamada do terrón e abandonou a súa teima nas incertas saídas laborais que lle daban os seus estudos de Electrónica e Imaxe. Daquela corría o ano 1993, que foi cando retornou a San Pedro, en Mondoñedo, onde formou unha sociedade agraria xunto ao seu pai -militante das Comisións Labregas dende vello- e un irmán. Hoxe, ademais de traballar 3.500 metros de horta baixo plástico e catro hectáreas descubertas, é vocal da Cámara Agraria de Lugo e membro da nova Comisión Executiva do SLG.

“A clave para cambiar as cousas non está só en nós; está tamén nos consumidores”

■ **¿Que tal está funcionando a Executiva nestes primeiros meses de andadura?**

Antes de que existise a Executiva do SLG había un certo distanciamento entre os traballadores do sindicato e os propios labregos. A Executiva foi unha boa aposta para xuntar esforzos e traballar máis en conxunto.

■ **¿Ocupou o sector hortícola un lugar destacado nas xuntanzas?**

A horta é aínda un sector emerxente na Executiva, e adoitase a falar máis do vacún, en parte tamén porque este sector ten unha problemática continua que ás veces acapara as reunións. En canto á horta, estanse facendo varias cousas, coma o mercado celebrado en Santiago, no mes de setembro, no seo dos actos contra a Organización Mundial do Comercio; ou a posta en marcha do sector da agricultura ecolóxica.

Temos falado na Executiva de repetir a experiencia de venda directa que se fixo en Compostela: xuntarnos unha vez ao ano nunha feira para achegarlle á xente os nosos produtos e a nosa realidade e problemáticas.

■ **¿Cales son os principais problemas aos que vos enfrontades as explotacións de horta na Galiza?**

Para empezar, a falla dun poder político e dun goberno que de verdade aposte por nós, que teña fe e confianza no futuro dos labregos e labregas de Galiza.

Actualmente persiste unha situación moi difícil: teñen bloqueadas parte das subvencións, as cámaras agrarias non funcionan por falta de orzamentos e de vontade para poñelas a andar, as concentracións parcelarias están sen rematar ou sen facer, non temos un plan de ordenamento forestal, etcétera. Os problemas son moitos, pero penso que o principal é que non haxa unha aposta de fu-



Xulio Rodríguez Bermúdez forma parte dunha sociedade hortícola no municipio de Mondoñedo

turo pola agricultura.

■ **¿Cales son as principais liñas de traballo do SLG no sector hortícola?**

A parte do que estabamos a facer na executiva, celebrouse recentemente un Congreso de Agricultura Ecolóxica en Monforte. Dende o SLG, traballamos para poder chegar máis directamente a consumidores e consumidoras, potenciando a venda directa fronte á acción dos intermediarios.

Tamén hai un traballo importante para concienciar á xente de que é preferíbel dimensionar as explotacións ao traballo real que se pode facer, e non orientalas para convertelas en grandes empresas de alta produción; apostar por temas como a venda directa prescindindo de intermediarios: vender menos, pero vender mellor.

■ **Na liña desta perspectiva, ¿ten grande importancia a xente que consume?**

A clave para cambiar as cousas non só está en nós, labregos e labregas; tamén está nos consumidores. É fundamental que haxa uns consumidores concienciados que de verdade demanden un produto san, labrego, que se diferencie por calidade e sabor con respecto aos que veñen de fóra, e que apoie directamente á economía local; consumidores que recoñezan a nosa profesión e oficio.

“Non ten sentido que Galiza teña catro cámaras agrarias”

■ **Ademais de membro da executiva do SLG, e vocal da Cámara Agraria de Lugo. ¿Que pensa destes organismos?**

Meu pai xa formara parte da Cámara Agraria Local, a comezos dos oitenta. Daquela, as cámaras agrarias xa eran un organismo anacrónico que proviña do franquismo, e agora seguen a selo. Non ten sentido que Galiza teña catro cámaras agrarias; o lóxico sería que existise un só organismo, coma o Consello Agrario Galego que defende o SLG. É absurdo que en cada provincia haxa unha cámara agraria, co gasto que iso supón, para debater e tratar os mesmos temas. Ademais, non están funcionando, pois non están dotadas nin de medios ni de orzamentos.

■ **Vostede formou unha sociedade agraria co seu pai e o seu irmán. ¿Considérase que é importante o asociacionismo**

na actividade agraria?

Si que é importante. Nós formamos parte dunha asociación que xa leva unha década funcionando: Hortamariña. Esa experiencia demostroume que é fundamental estar unidos. En primeiro lugar, é importante estar xuntos para reunirmos, compartir os nosos problemas, animarnos, formar camaradería, intercambiar experiencias, sentimentos, ideas, fracasos, opinións.

No plano profesional, estamos comercializando os nosos produtos coa marca Hortamariña. Despois, cada membro da asociación ten liberdade para vender como queira. Ademais, mercamos subministracións e insumos conxuntamente e organizamos tódolos anos cursos formativos.

A experiencia debería ir máis alá, cun sistema de venda en conxunto, pero ese será un seguinte paso a dar.

“Se non estamos unidos, os gobernos non apostarán pola agricultura”

■ **É vostede un labrego novo. ¿Animaría a xente moza a ficar no agro?**

Eu si, eu ánimoos. De feito é unha das miñas facetas no entorno que vivo, xa que procuro animar á xente a que quede na terra.

Iso si, tamén lles digo que a situación é difícil. Eu son optimista, e creo que temos futuro. Se cadra, a agricultura non é unha profesión que che vaia remunerar como outras, se a miramos só dende o punto de vista económico. O que pasa que a agricultura é, ademais, un xeito de vida que che permite estar en contacto coa natureza, un traballo moi creativo. Temos intres difíciles, con atrancos, pero no día a día es feliz.

■ **¿Pensa que é importante que esta xente nova que se incorpora á actividade agraria participe nunha organización coma o SLG?**

Si que é importante. Cómpre estar ao día, xa que a agricultura está cambiando a nivel europeo e mundial, e estanse facendo leis e reformas fóra de Galiza que nos afectan profundamente.

No SLG hai xente nova, non tan nova, e veteranos, xentes de diversos sectores pero que temos unhas inquietudes en común, que queremos vivir no campo e do campo, que pensamos que ten futuro, e que sabemos que é necesario estarmos unidos, facer unha piña para conseguir cousas e para trocar determinadas posturas dos gobernos.

Está claro que se non estamos unidos, os gobernos non apostarán pola agricultura. Ata o de agora, os cambios positivos en materia agrícola debéronse a o traballo de organizacións coma o SLG, e á unión da xente.